

ÍNDICE DE CONTIDOS

·	Algunhas reflexións antes de nada... A modo de introdución.....	2
	Nin un só prisioneiro.....	4
1.	O movemento ecoloxista radical nos EUA.....	7
2.	O movemento pola liberación animal nos EUA.....	9
3.	Isto é a ALF! A mocidade toma a palabra.....	10
4.	Granxas peleteiras nos EUA.....	15
5.	Operación Bite-Back.....	18
	• Nos '90, a ALF iba directa á xugular.....	18
	• Mordendo a man que che dá de comer.....	21
	• A noite da choiva de estrelas.....	24
	• Abaixo, na granxa.....	31
	• A milicia dos visóns de Michigan.....	33
6.	Á caza dos guerreiros da ALF.....	38
7.	A derradeira dentada.....	43
8.	Operación Bite-Back // Epílogo.....	50
9.	A captura de Rod Coronado.....	51
10.	Ata que a derradeira granxa de peles sexa cinzas.....	55
11.	Corazóns valentes... adiante!	58
12.	Carta de Rod Coronado.....	61
13.	Historia da Nación dos Coiotes.....	66

ALGUNHAS REFLEXIÓNS ANTES DE NADA. A MODO DE INTRODUCCIÓN...

Para nós, Memorias de Liberdade é un texto fundamental, non soamente para dar a coñecer unha experiencia de loita duradeira e polimórfica contra unha gran industria da explotación animal, permitíndonos saber cales foron os pasos, decisións e cálculos que levaron a un sinxelo grupo afín de activistas sen grandes medios ao seu alcance a lograr o obxectivo de poñer contra as cordas á industria peleiteira estadounidense e de dinamitar toda a súa base por diferentes flancos (destruír investigacións útiles para os seus negocios, minar a súa financiación e o seu respaldo mediático e publicitario...), conseguindo afundir gran parte das súas estruturas máis importantes, e deixando as restantes seriamente danadas. Tamén é un texto esencial a nivel emocional e persoal, pola paixón e forza que, polo menos a nós, nos transmite.

Antes de nada, queremos deixar claro que a nós tamén nos frea o medo á represión, e a súa sombra reclúenos con frecuencia na nosa zona de confort e escusas. Entendemos que é o máis normal, e o estraño sería non ter medo cando todo un arsenal de leis en constante renovación xunto a tecnoloxías de vixilancia, prisións e escuadróns policiais especializados protexen as estruturas dos explotadores aos que pretendemos enfrentarnos. Por iso, non quixéramos perdernos en retóricas incendiarias emocionantes pero sen reflexo na realidade cotiá de calquera de nós, nin tampouco crecernos con discursos ideoloxizados impregnados dos nocivos clixés da cultura militante, cos que tentar parecer algo que non somos, alimentando unhas formas baseadas na aparencia que consideramos prexudiciais e indesexables. Con todo, para as persoas que editamos este libro, poder ler sobre estas vivencias da man das persoas que levaron a cabo as accións narradas (nalgúns casos pagando cara a súa ousadía, con varios anos de prisión, persecucións e criminalización), supuxo no seu día un empurrón na nosa forza de vontade, e un respiro que revitalizou a nosa rabia, e alonxounos do denso e constrictivo ambiente de activismo dentro de organizacións de masas que, a miúdo, tenden a priorizar a procura dunha condescendente palmadiña nas costas en forma de aprobación do público por enriba da auténtica capacidade dos seus actos e campañas para danar o único que os explotadores valoran realmente: Os seus beneficios.

Sen querer xulgar nin establecer prioridades duns métodos sobre outros, e sabendo que cada persoa se implica no tipo de accións que quere ou que pode, e partindo da base de que o máis acertado, desde o noso punto de vista, sería construír unha praxe colectiva onde todas poidamos aportar sen pisarmos outras compañeiras nin crear xerarquías absurdas en función de “quen arriscou máis”, parécenos que a teoría precisa dar paso á práctica, e que reflexionando a acción e as nosas capacidades reais de forma colectiva, medimos mellor as consecuencias, enfrentamos os medos e preparámonos tamén a nivel psicolóxico para asumirmos o noso propio papel en compromisos maiores que, máis que opcionais, parécennos urxentes. Porque mentres nós estamos cómodas e quentiñas na casa escribindo isto, e maquetando e editando este material, nas gaiolas de criadouros, granxas e laboratorios seguen pechadas criaturas condenadas ao máis atroz dos destinos, e iso destrózanos, como nos destroza a impotencia. Por iso, agardamos que coñecer o valor e determinación da Western Wildlife Unit axude a todas neste proceso de formularnos en serio o que podemos facer.

O texto que presentamos aquí xa foi editado anteriormente por outros colectivos e individualidades antiespecistas afíns ás estratexias e métodos de acción directa ilegal empregados pola Frente de Liberación Animal nos EUA e no resto do mundo tales como a sabotaxe, as liberacións e rescates de animais ou os ataques incendiarios. Nós recollémolo e traducímolo do libro “Encendiendo la llama del ecologismo revolucionario”. Con todo, levábamos un tempo sen ver este texto movéndose polos círculos antiautoritarios, e ese é o motivo de que decidísemos editalo. Agardamos que esta primeira edición en galego cumpra o seu cometido de reiniciar e aumentar o fluxo de circulación do texto, e que a súa lectura motive novos debates e estimule novas accións. Porque como dixo Bertolt Brecht:

“As nosas derrotas soamente demostran que aínda somos demasiado poucas loitando contra a infamia, e dos nosos espectadores agardamos, como mínimo, a súa vergoña.”

As editoras

Primeiras choivas do outono, 2016.

1. NIN UN SÓ PRISIONEIRO

Unha noite sentados arredor do lume, algúns de nós, guerreiros da Frente de Liberación Animal, decidimos que era o momento de dicir unhas cantas palabras sobre as nosas accións, xa que continuamente eramos etiquetados por aqueles fora do noso círculo como calquera cousa excepto o que eramos: Terroristas, extremistas, fanáticos, doctores, avogados? “Activistas pola Liberación Animal”... Probablemente habrá algunha célula que se identificase con algunha desas descrições, pero nós non. Mentres houberse pouca xente lendo os nosos comunicados, aparte dos medios de comunicación, só uns poucos entenderían que as nosas preocupacións se atopan detrás do abuso animal. A nosa perspectiva entende, desde a súa raíz, o abuso animal como un dos síntomas de moitos outros males. Ese mal tamén nos conduce ao racismo, ao sexismo, ao militarismo, á destrución medioambiental, ao alcoholismo, ao abuso das drogas, á violencia doméstica, á dominación do home sobre a muller e cara outras malas actitudes manifestas na natureza, soamente por nomear unhas poucas. Que fixo que nos atopemos pragados de todos eses males se o mundo que nos deron podería ser un sitio tan maravilhoso? Iso non é o que queremos debater. Nós somos guerreiros, non filósofos. Pola razón que sexa, podemos ver como ese mal se desliza lentamente entre as nosas loitas e fai que teñamos ganas de chorar. Rumores, murmurios, egos inchados que tentan facerse un oco, que tentan conseguir fondos para facerse "respectables", xa o vimos todos e isto é o que conduce as nosas loitas cara unha autodestrución, xusto cando o catalizador para o verdadeiro cambio comeza a facerse real. Agora estamos lonxe de sermos perfectos, fixémonos dano a nós mesmos, cometemos erros, pero desde este lugar tamén estamos lonxe de deixalo todo. Non queremos ver a outras persoas cometendo os mesmos erros que cometemos nós, unha vez máis. Esta é a historia. A historia dun feixe de xente que se preocupou dabondo como para arriscar a súa vida e a súa liberdade por aquilo no que cre. Pola Terra e polos prisioneiros da guerra sobre a natureza. Non foi sen un custe en troca. A pesar de que hoxe estamos todos aquí, un de nós ficará sentado nunha cela de poucos metros na Prisión Federal durante os seguintes catro anos. El non é o primeiro, e probablemente non sexa o derradeiro. Nesta historia hai moitos capítulos. Aquí contámosche un. O resto é cousa túa. Nós estamos aquí para contarche os nosos momentos de vitoria e derrota. Os nosos

momentos de tremendo gozo por estar vivos neste maravilloso Planeta Terra por cuxa defensa loitamos con orgullo, e os nosos momentos de desesperación cando o mundo enteiro parece volverse na nosa contra. A maior parte deste "filme" comezou antes de que os nosos avós nacesen. A historia trata sobre un espírito. O espírito salvaxe e o espírito de liberdade que rexeita ser domesticado. A historia fala daquela loita que comezou moito antes de que alguén nomease o termo "Dereitos dos Animais". Cando Earth First! non era un eslogan, senón un modo de vida, e morte. Trátase de rememorar o pasado e a lembranza daqueles de nós que eleximos representar á Nai Terra e ao Mundo Animal, herdar unha responsabilidade que outros estiveron aniquilando, e considerala antes que nada nas nosas vidas, incluída a nosa propia liberdade se é necesario. A historia trata sobre unha forza. Non a forza feita polo home, senón a forza que só o espírito da Terra pode darnos. A forza que recibimos cando espertamos co ouveo dos coiotes, e co asubío do vento entre as árbores máis antigas. A forza que ningún home pode darnos e que ningún home pode quitarnos. A forza que nos eleva sobre os nosos inimigos para convertirmos no tipo de guerreiros que só coñecemos en mitos e lendas. A forza que agarda para ser descuberta. Trátase de romper as cadeas que nos atan e comezar como o primeiro día de escola. Esas cadeas que nos amarran pouco a pouco ata que estamos preparados para ser considerados adultos responsables; pero é porque esquecemos como manexar esas cadeas, como ser libres, como vivir en harmonía coa vida, cos de catro patas, coas de plumas e co resto de animais, como irmás e irmáns.

Enfrontémonos a iso, moitos de nós temos medo. Medo de equivocarnos. Medo de estar sós. Medo de pasar anos no cárcere. Medo de ser disparados ou incinerados, como os adultos de 60 anos e os mozos de 24 en Wacco (Texas) a mans ensanguentadas do goberno dos EUA. O temor é a mellor arma do noso inimigo, porque en lugar de colocar un oficial de policía en cada casa xa temos preparadas para ser emitidas unhas coidadas e estudadas imaxes dos xornais e das televisións. As portas de aceiro nas celas de prisión dando fortes portazos, porrazos da policía con bates de nazi, "terroristas" dirixidos cos seus traxes laranxas e as súas cadeas, imaxes que fan que o noso temor nos faga sentir vivos e fortes.

Nas chairas indianas teñen un dito que berraban cando iban á batalla, "Hoka Hey!" ("É un bo día para morrer!"). Para nós iso significaría ter alcanzado o máis común dos medos, o

medo á morte. Desatados dos seus medos a morrer, lanzáronse directos cara a batalla contra a xente que tivese moito medo á morte e, como resultado, aqueles guerreiros lograron a única vitoria na que a rendición incondicional foi asinada polo goberno dos EUA, o que na historia foi a Red Clouds War (guerra das Nubes Vermellas) en 1860. Moitos de nós preferiríamos morrer antes que vivir nun mundo sen natureza nin animais, aqueles valentes guerreiros superaron os seus medos á prisión e á morte porque sabían que o poder da Terra era moi real. Non soamente unha crenza, senón unha realidade. Moito máis real que calquera cousa que o goberno dos EUA ofrecese. Unha realidade na que tódolos animais eran mensaxeiros e toda montaña era unha catedral. As historias que lemos sobre aquelas tribos e a súa relación coa Terra, os animais e os seus espíritos non eran mitos ou folclore, eran e son reais. O suficientemente reais como para dirixir ao ser humano a sacrificalo todo no mundo coa esperanza de que as futuras xeracións compartan ese mesmo poder que permanece dentro de cada ser vivinte e voa a través de toda creación salvaxe. Pola esperanza de que vós, os fillos da Terra, fagades reaccionar cos berros que se escoitan da nosa Terra e dos seus animais torturados. Fai arredor de cen anos desde que os verdadeiros guerreiros deron as súas vidas polo espírito da Terra e os animais neste continente. Durante todos estes anos, os espíritos de resistencia volveron nacer, sempre para seren rexeitados a través da prisión, os disparos, as mentiras e os enganados. Agora é a túa quenda. Decátaste ou non, o espírito de todos aqueles guerreiros desaparecidos está observándote. Está mirando se vas redescubrir esa forza que os animais e a Terra poden darnos. Esa forza que rompe cadeas e esperta o noso espírito para actuar, esa forza que ti probablemente representas e que é a derradeira esperanza para este planeta ao que chamamos fogar.

Existen aqueles que poden ver os horrores da vivisección e das granxas de pel, o petróleo que cubre as costas e os claros cortes nas ladeiras das montañas, e que andan con paso forte cara os sucios grupos reformistas, que fan peticións, cartas e protestas. Este “filme” non é para eles. Este “filme” é para todo home e muller que teña chorado polo sangue da Terra, erguida en estado de shock, coa boca aberta polas feridas e a crueldade que algúns poden causar sobre a tranquilidade dos nosos irmáns os animais. Para todo aquel que algunha vez se sentiu impotente contra un inimigo cen veces maior.

Para todos aqueles que non poden vivir coa dor de saber que todas as mañás as luces do laboratorio préndense, que as máquinas son afiadas e engraxadas, que as granxas transfórmanse en cámaras de gas e a matanza continúa. Isto é para ti, para que nunca máis volvas sentirte só, para que vexas que, aínda que nunca logremos a vitoria total nas nosas vidas, ás veces a vitoria e a liberdade atopámola simplemente loitando, rompendo as nosas propias cadeas antes de que poidamos romper as cadeas do resto.

Para ti nós falamos en alto, e contámosche a historia do que un puñado de guerreiros pode facer, o que un puñado de guerreiros debe facer. Un puñado de xente coma ti. Pero nos comezos de 1990 moita xente no movemento de Liberación Animal estaba demasiado ocupada difundindo os seus obxectivos e conseguindo a aceptación do público para concentrarse e rematar cunha industria que lentamente recobraba a súa forza. Era o momento de facer algo. Moitos antigos activistas da ALF eran intimidados ou elixían unha retirada temperá debido aos medos inspirados por investigacións fanáticas do FBI e da ATF, ou estaban moi ocupados adicándose a outras formas de activismo. Afortunadamente outros non estaban dispostos a deixarse vencer por eses medos e sentiron que era o momento de resucitar a Western Wildlife Unit (Unidade de Vida Salvaxe do Oeste) da ALF. A industria peleiteira consistía en menos de 660 granxas e os seus centros de investigación limitábanse a menos de 10 institucións. A época de asasinato de 1990 sería a derradeira que os granxeiros de peles experimentarán con tranquilidade.

2. O MOVEMENTO ECOLOXISTA RADICAL NOS EUA

Durante os anos 80, sucedían moitas cousas arredor dos antes acougados movementos ecoloxistas e pola liberación animal. Estes movementos comezaron a actuar cunha variedade de tácticas, desde as peticións, os boicots, as presións políticas, as campañas de concienciación social e, no outro extremo, as protestas e a desobediencia civil. A etapa Reagan trouxo moi poucas vitorias na loita por protexer a natureza e os animais, a pesar de que estes temas xeraron máis correo a Washington D.C. que calquera outro tema, incluída a guerra de Vietnam. As políticas violentas do departamento de Interior de James Watt, prexudiciais para a natureza, foron algúns dos catalizadores que provocaron o crecemento de Earth First! e da frase "No Compromise In Defense of Mother Earth!"

(“Ningunha negociación en defensa da Nai Terra!”). Durante a primeira época, xurdiu unha resistencia organizada con case cen anos de antigüidade en defensa da Terra e da vida salvaxe. A raíz dun forte "crack" pola construción da presa do Cañón de Glen, que domesticaba o río salvaxe Colorado, a xente de Earth First! declarouse como os guerreiros da época actual no movemento ecoloxista. Unha das primeiras accións de Earth First! foi o levantamento do monumento a Victorio, líder dos Apache Mimbres que en tempos atacou campos e operacións mineiras na súa loita por liberar a súa terra e a súa xente. A pesar destas controversias no moderno Oeste, o mellor estaba aínda por chegar. Unha das tácticas máis efectivas resucitadas da resistencia indíxena era a do Monkey-Wrenching, algo sobre o que Earth First! expuxo e defendeu abertamente, e que consistía na destrución do equipo e a maquinaria empregada para arrasar a terra e os seus lugares salvaxes. Nas zonas de explotación de madeira colocaban trabes con longos picos perto das árbores, coa intención de impedir que as serras as cortasen. As máquinas escavadoras eran o obxectivo da sabotaxe mecánica, do mesmo xeito que outras pezas de maquinaria pesada. Nos camiños cuxo hábitat corría perigo, esta xente puña trabes con picos metálicos coa fin de picar as rodas dos vehículos de obras que se achegaban ao lugar. O valo comezou a derrubarse pola zona do Oeste e as casetas de peritaxe eliminábanse dos camiños e da zona de explotación. De súpeto, cando as protestas lexítimas fracasaron no seu intento de protexer a terra salvaxe, os activistas non tardaron en sentir impotencia ao escoitar perto escavadoras e outra maquinaria.

Os “monkeywrenchers” (sabotadores) comezaron a atravesar de novo o Oeste, deixando no camiño minas e máquinas incineradas e sabotadas, e tamén trabes cheas de picos. A marxe do beneficio do negocio da destrución da terra diminuíra debido ás sabotaxes, igual lles ocorrera aos especuladores, os investigadores e os construtores de estradas. Todo isto traducíuse nun aumento da seguridade e do prezo das pólizas aseguradoras, o que supuña á súa vez unha diminución da marxe de beneficios dos violadores da terra. "Eco Defense: A Field Guide To Monkeywrenching" (Eco-Defensa: Unha Guía de Campo para o Monkeywrenching) de Dave Foreman converteuse na biblia para aqueles guerreiros da terra decepcionados pola falla de efectividade das protestas lexítimas. Esta guía tamén supuxo un "como facer" para chegar a converterse nun sabotador. No Oeste, onde o Earth First! e os “monkeywrenchers” eran o máis habitual, e tamén outros activistas que

compartían os seus sentimentos, comezaron a comprobar como aquelas tácticas podían beneficiar a liberación de animais e a súa conservación. Aínda así a frustración e a falla de efectividade e de compromiso eran algo común en ambos movementos. Os guerreiros da Terra comezaron a espertar daquel profundo soño.

3. O MOVEMENTO POLA LIBERACIÓN ANIMAL NOS EUA

Na mesma época na que o Earth First! e o “monkeywrenching” aparecían nos EUA, o movemento pola liberación animal comezaba a empregar unhas tácticas orixinarias de Gran Bretaña. Entraban en laboratorios de investigación animal, rescataban animais de experimentación e danaban os equipos empregados para levar a cabo eses experimentos. Co nome adoptado dun grupo operativo clandestino no Reino Unido desde os anos setenta, a Animal Liberation Front (Frente de Liberación Animal) naceu nos EUA. Neste país son moitos os animais asasinados para comida, peles, investigacións e controles da fauna e a flora, en comparación con outros países. Despois de moitos anos de batallas legais para reducir este masacre, con poucos ou ningún efecto, naceu unha vía de acción, e os activistas gozaban ollando os vídeos de comunicados da ALF nos que aparecían membros encarapuzados derrubando portas para entraren nos laboratorios e levar os animais á liberdade. A ALF trouxo folgos ao movemento reprimido previamente, que rara vez enfrontaba as institucións de abuso animal ás que se opuña.

De repente, moitos activistas americanos atopábanse debatendo sobre os pros e os contras de quebrantar as leis en favor dos animais. Os principais grupos pola liberación animal comezaron a sopesar as perdas potenciais de beneficios xeradas por apoiar a acción ilegal, así como a consecuente posible perda do apoio público á liberación animal, un pensamento que en si mesmo resultaba radical para a maior parte da sociedade americana, coas escenas da ALF como unha “liña extremista”. Mentres uns facían cábala sobre as evidentes preguntas das autoridades dos EUA para facer leis de protección, outros tiñan poucas dúbidas de que ao que a ALF aspiraba era a conseguir uns efectos sobre a industria do abuso animal como nunca antes se fixera.

Ata 1987, a ALF soamente se involucrava en actividades de liberación animal relacionadas coa destrución de equipos de investigación que podían conseguirse nos

poucos minutos que duraba o asalto. Nun ataque aos laboratorios de investigación animal da Universidade de Pennsylvania, os vídeos roubados pola ALF sobre a crueldade que causaban os investigadores, filmada por eles mesmos, foron máis tarde empregados para axudar a pechar aquel laboratorio.

Outros obxectivos da ALF foron levados a cabo mediante o corte do fluxo de fondos para a investigación. Pero en moitos casos os animais foron substituídos por outros, as medidas de seguridade nos laboratorios de investigación incrementáronse, e os experimentos dos visisectores continuaron, de tal modo que algunhas accións do movemento pola liberación animal non podían ser controladas nin predecidas. Aínda que as liberacións da ALF significaban a salvación para os animais rescatados, os activistas cuestionáronse se a industria de abuso animal estaba sendo afectada o máximo posible. Se a ALF levaba a intención de sacar os explotadores de animais fóra dos seus negocios nos EUA, tamén habería que empregar outras tácticas. Tácticas que golpearan no centro dos seus fríos corazóns, aí, na marxe de beneficios. Unha vez, unha vista a través do océano trouxo a resposta.

4. ISTO É A ALF! A MOCIDADE TOMA A PALABRA

A finais de abril, nun cálida atardecer en California, os guerreiros da ALF saltaron os valos do campus da Universidade de California en Davis e cambiaron a imaxe do movemento pola liberación animal en América para sempre. Á mañá seguinte, o estado do laboratorio de investigación sobre diagnóstico animal sería unha ruína entre o lume, presa dun ataque que non causou feridos pero si tres millóns de dólares en danos. Pasou arredor dun ano ata que o laboratorio se recuperou do ataque e abriu as súas portas de novo. Nunca antes a ALF empregara lume nos EUA, mentres que en Gran Bretaña era xa unha táctica aceptada. Era a primeira vez na historia do movemento de liberación animal nos EUA en que un laboratorio de investigación animal era destruído antes de abrir. As investigacións federais acudiron rápido ao lugar dos feitos, e o movemento pola liberación animal converteuse en obxecto de investigación. Os activistas do movemento non familiarizados coa realización da acción, que doutro xeito nunca podería lograrse en anos de activismo legal, foron rápidos en distanciarse do incendio na Universidade e doutras accións da ALF e, ao tempo, comezaron a condenar a ALF. Para moitos “defensores dos

animais”, a súa loita consistía en reformar as prácticas crueis, non en abolir as institucións que perpetuaban a explotación animal comercial. O incendio na UC Davis (University of California-Davis) foi obxecto de moitas discusións entre os estratergas da ALF. Mantería a ALF a súa imaxe de Robin Hood liberando os animais co apoio público? Ou lanzarían unha campaña de intento de sabotaxe económica que causase aos explotadores de animais millóns de gastos en melloras de seguridade e incrementase as primas aseguradoras, así como a destrución máxima da propiedade? Daquelas a ALF xa era coñecida por lanzar pequenos ataques contra peleterías e cadeas de comida rápida.

Rompían xanelas con ladrillos e tiracroios, e colocaban os seus eslógans asinando con esprai vermello de sangue. Tratábase dunha decisión estratéxica. O apoio do público estaba ben, pero, por si mesmo, salvaba poucas vidas animais. Todas aquelas cartas dirixidas a Washington DC arquivadas na caixa de vellos papeis eran proba diso. As industrias de destrución da Terra e abuso animal eran firmemente favorecidas pola estrutura política dos EUA, e os políticos nunca aprobarían nin imporían leis que lles custasen o apoio económico de grandes empresas para rematar cos pés na rúa... A campaña de máxima destrución e dano á maquinaria dos explotadores de animais comezou, e con ela chegou un novo elemento do movemento pola liberación animal nunca antes visto nos EUA.

A miúdo as accións da ALF asinábanse coas siglas "ALF" en pintura vermella, pero en Davies, a "A" circulada, símbolo do anarquismo, estaba vencellada coa ALF. Para aqueles que se molestaban en observar a coidadosa e controlada cobertura dos medios das accións da ALF, isto era sinal de que a ALF non era soamente un grupo "animalista", senón tamén unha fronte de completa oposición a calquera sistema que perpetuase o abuso. Despois de 1987, os comunicados de prensa das accións da ALF trazaban a miúdo conexións entre o abuso animal, a destrución do medio ambiente e a liberación humana. A influencia anarquista sobre a ALF tamén era proba de que a Animal Liberation Front ollaba máis alá da fachada do "primeiro mundo" e da corrupción encuberta no proceso político dos EUA.

A ALF non soamente se opuña ao maltrato animal da sociedade, tamén ás institucións que prosperaban a costa do abuso e o control dos humanos, da degradación medioambiental e do impacto das prácticas dos primeiros negocios que exercían sobre os grupos de

indíxenas aflixidos en todo o mundo, que ao tempo provían a América co engorde das súas terras. As liñas entre os dereitos dos animais e a liberación animal foron trazadas rápidamente. A ALF non formaría parte desa clase media alta, que adoitaba representar os animais. As accións da ALF comezaron a reflectir a frustración e a opresión dalgúns cidadáns americanos, que, ao igual que os animais, eran vítimas de grandes negocios e moitas outras cosas. En menos de dous meses, despois do incendio de UC-Davis, creouse a Western Wildlife Unit, especificamente para enfrontar a guerra contra a vida salvaxe de América. A primeira acción ocorreu no Memorial Day, en 1987, cando se liberaron perto de douscentos cabalos, de volta á súa terra natal, aos campos do nordés de California, de onde foran apartados para deixar sitio a campos de pasto para gando vacún. Xa no Oeste, o gando ocupaba perto do 70 por cento dos pastos disponibles, mentres que os cabalos salvaxes soamente ocupaban o 2 por cento. Esta situación percibíase como unha competición cos fortes grupos de presión política que tiñan gando. Nunha política apoiada por moitos grupos de benestar animal, os cabalos foron reunidos e entregados en adopción. Nunca máis vagaron libres polas paisaxes americanas, tal e como o fixeran durante máis de 400 anos. Xusto despois da liberación dos cabalos, a Western Wildlife Unit visitou a UC-Davis, esta vez para liberar a tres voitres empregados en estudos tóxicos dos programas do Departamento de Control de Animais Daniños para a Agricultura. Compuñan o 1080, un veneno empregado xeralmente para matar os pequenos mamíferos e depredadores que habitaban os pastos de gando. O ano 1987 rematou co rescate por parte da ALF de catro beagles empregados en estudos da Universidade de California en Irvine sobre os efectos do aire contaminado. Todos eses feitos eran a personificación no só do noso trato aos animais, senón tamén da nosa irresponsabilidade na hora de protexer o medio ambiente.

A ponte entre o abuso animal e a destrución do medio ambiente comezaba a cruzar o buraco que existía previamente entre os movementos radicais ecoloxistas e pola liberación animal. Aparentemente non era un esforzo dunha soa dirección. En 1988, unha rama do Earth First! Fíxose responsable dun intento de ataque incendiario contra a Asociación de Gandeiros de California en Sacramento, e da case total destrución do depósito de subastas de gando en Dixon. En 1988 non houbo máis accións da ALF nin instancias por parte do Earth First!. Durante esa época inspiráronse nos monkeywrenching como nunca antes se

lembrara nos EUA. A loita continuou con ataques a laboratorios por todo o país, e culminou co maior ataque a un laboratorio de investigación animal nos EUA. En abril de 1989, a ALF entrou ao mesmo tempo en catro laboratorios de investigación animal diferentes e nas oficinas da Universidade de Arizona en Tucson. Destruíu un laboratorio con lume, que causou danos irreparables en discos informáticos. Os departamentos de administración doutras oficinas de investigación animal tamén foron atacados con lume. Ademais, conseguiron rescatar dos laboratorios do campus 1.200 ratos, ratas, coellos, cobaias e rás, todos eles destinados á vivisección. 1989 finalizou non soamente con duras investigacións a grupos de liberación animal por parte das autoridades federais, senón tamén cunha punzante operación contra Earth First!, acusados de tentar derrubar as liñas de electricidade do deserto de Arizona. A filtración revelou que un dos “monkeywrenchers” era un axente do FBI infiltrado no círculo dos guerreiros durante dous anos.

En 1990 as redes de electricidade foron sabotadas durante o Earth Day (Día da Terra) en Watsonville, CA, coa finalidade de representar o papel das plantas de enerxía, que queimaban carbón e petróleo e alimentaban con eses gases as terras da xente indíxena, ademais de emitiren dióxido de carbono. Esta acción foi máis tarde supostamente vencellada á Frente de Liberación Animal. Despois do apagón da "Earth Night Action Group's" (Noite dos Grupos de Acción da Terra), os organizadores de Earth First! foron vítimas dun coche bomba, que feriu seriamente un dos activistas. O FBI foi rápido arrestando as vítimas da bomba, acusadas de transportar explosivos. Mentres, ningunha investigación se levaba a cabo en relación coas ameazas de morte que previamente recibiran os organizadores de Earth First!, supostamente levadas a cabo por individuos da industria madeireira. A verdade é que en 1990 experimentaríase un crecemento das apostas en defensa da Nai Terra e os animais. Ao mesmo tempo que o FBI cazaba guerreiros da Terra e da liberación animal, a xente comezou a decatarse de que iso era unha loita que podía rematar coa morte ou o encarceramento dos seus participantes.

Dentro da ALF comezaron a aparecer divisións, no só a respecto de utilizar lume senón tamén en relación cos medios de comunicación e a eutanasia. Tristemente, algunhas

células da ALF crían en “matar”¹ animais liberados que estaban sans antes que arriscarse a procurarlles fogares seguros. Estas discusións xa xurdiran en medio de accións da ALF entre os activistas que preferían deixar os animais en lugar de sacalos cando as alarmas saltaban ou cando non se podían atopar fogares para eles. Nun ataque da ALF na Universidade de Oregón en 1986, oito coellos foron recuperados polos vivisectores despois de liberar aos animais nun camiño non moi lonxe dos laboratorios. Comezou a ser evidente que algúns activistas da ALF estaban máis preocupados pola cobertura dos medios e polo coñecemento das accións que polas vidas dos animais. No Día da Independencia de 1990, a ALF rescatou a cen cobaias dos Laboratorios Simonsen en California, só para que algúns activistas defendesen liberar animais aínda que non houbera casas para eles. Isto ocasionou unha forte ruptura, na ALF con membros da ALF pro-vida que se adicaron durante varias semanas a rescatar cobaias e buscarlles casa. Entón, o sector mozo da ALF comezou a ser coñecido nas redes da ALF como os "pro-lifers" (pro-vida) debido ao seu rexeitamento a “matar” animais sans rescatados dos laboratorios e das granxas industriais. Esta etiqueta foi asignada polos activistas da ALF que xeralmente “sacrificaban” animais sans rescatados dos laboratorios mentres que nos seus comunicados reivindicaban que os colocaban en fogares seguros. Moitos destes activistas tamén crían que o lume era unha táctica que custaba o apoio público e que, sen dúbida, conducía cara a represión policial. A Western Wildlife Unit, as células anarquistas e as brigadas máis novas da ALF argumentaban que a represión policial era soamente unha proba de que, mediante a acción directa ilegal, especialmente con lume, a ALF comezara a alimentar con medo os explotadores de animais, por non mencionar que o dano era maior nos laboratorios, granxas industriais e outras institucións que o que os ataques de liberación animal conseguiran ata o de agora. As voces máis mozas tamén xurdiron e pronunciaron que se a ALF comezaba a xustificar a “violencia” contra os animais, quen podería ser realmente tido en conta para acabar con ela? Para eles e para os humanos liberación significaba liberdade dunha morte segura a mans dos humanos, dos vivisectores, ou dos granxeiros. A responsabilidade do liberador de animais non remataba

1 N. de T.: Os animais non se mataban, as aspas poñense porque o que se facía en realidade era liberalos na natureza, onde a persoa que escribe o texto considera que non poderían sobrevivir pola súa conta.

cando o laboratorio era destruído, senón cando todos os seus prisioneiros tiñan garantido o santuario en casas seguras ou voltaban ao seu hábitat nativo.

5. GRANXAS PELETEIRAS NOS EUA

A finais de 1990, a ALF crecía en silencio cando os seus membros loitaban con estratexias e diferencias éticas, ao mesmo tempo que os investigadores do FBI acosaban a activistas sospeitosos. Nesta época comezaron a xurdir noticias do movemento pola liberación animal vencelladas a unha investigación sobre granxas peleteiras en América. A principios de 1991 comezaron a circular vídeos de granxas de visóns onde o granxeiro rompía brutalmente o pescozo aos visóns coas súas propias mans descubertas, así como linceos descansando neuróticos en diminutas e estreitas gaiolas de catro pés de ancho. Unha organización, a Coalition Against Fur Farms - CAFF (Coalición en Contra das Granxas Peleteiras) tamén comezou a poñer en circulación documentos de investigación confidenciais nos que se detallaba a identidade dos contribuíntes e os vivisectores que apoiaban as granxas, co propósito de diminuír o nivel das enfermidades que afectaban aínda a animais salvaxes como os visóns, aos que tiñan recludos en gaiolas de apenas dez pulgadas de profundidade nas granxas peleteiras.

Outra investigación apuntaba a diminuír os custos altos dos granxeiros de visóns mediante o fomento de fontes de alimentación que non comprometese a calidade da pel do visón, unha necesidade económica, polo recente declive das vendas de pel nos EUA e en Europa. A principios dos anos 90, a pel de visón vendíase como pouco a 20 dólares, mentres que os granxeiros gastaban como moito 20 dólares por animal, antes de que a súa pel fose comercializada. Unha marxe de beneficios perigosamente estreita. Investigadores, xunto con granxeiros, identificaron a dieta como o ingrediente clave que conducía a mutacións xenéticas, de forma que se alteraba o ADN do visón salvaxe para crear o tipo de animal que os granxeiros peleteiros desexaban. Sen unha dieta estricta e controlada, o visón volvería ás súas orixes salvaxes en dúas ou tres xeracións de alimentación incontrolada.

Outro estudo centrouse nos efectos desta alimentación controlada, usada no proceso de creación de peles comercializadas, e que daba lugar a un sufrimento do animal con desordes cerebrais e outros problemas fisiolóxicos que facían que o visón se automutiláse.

Outros vivisectores comezaron a recoñecer os visóns como modelo ideal de animal de investigación, xa que se podían criar de forma barata no exterior, e ao ser depredadores con alto metabolismo supuñan excelentes ferramentas de investigación para testar produtos tóxicos, ademáis doutros elementos químicos altamente perigosos que eran verquidos ao medio ambiente por contaminadores industriais.

Mentres a industria peleiteira abaneaba polas escasas vendas, os granxeiros ollaban ás investigacións e aos departamentos de desenvolvemento agardando respostas que os mantivesen apartados de anos de bancarrota. Os impostos foron imputados sobre as peles de visón en casas de subasta como a Seattle Fur Exchange (SFX), adicada á investigación de granxas peleiteiras. Baixo a etiqueta de Mink Farmer's Research Foundation - MFRF (Fundación para a Investigación de Granxas de Visóns), a industria peleiteira conseguiría fondos para aqueles investigadores adicados ao campo da vivisección para socorrer a moribunda industria da pel. De todos os receptores dos fondos de MFRE, uns videos confidenciais conseguidos polos investigadores revelaban que ano tras ano o número un dos centros de investigación e desenvolvemento da industria das granxas peleiteiras era o Experimental Fur Animal Research Station of Oregon State University (Estación de Investigación Experimental de Peles de Animais da Universidade do Estado de Oregón). Fundado en 1920 como un laboratorio gobernamental, cuxo único propósito era a domesticación de visóns e raposos para a produción de peles. En 1970 a propiedade do centro foi transferida á OSU (Oregon State University). A instalación fíxose célebre polo seu traballo cos granxeiros principiantes que experimentaban problemas comúns da prisión intensiva e da alimentación artificial dos nativos predadores salvaxes norteamericanos.

Nos anos 80, a estación considerábase o centro nacional número un de investigación para a experimentación a favor das máis de 500 granxas de visóns, xa que tiña abandonado as investigacións sobre granxas de raposos debido ao alto custo que supuña a cría de raposos en prisións intensivas. A estación fundouse inicialmente con subvencións do MFRE, ademais das elevadas donacións do Northwest Fur Breeders Cooperative (Cooperativa de Criadores de Peles do Noroeste) do Estado de Washington polas súas investigacións cos animais. A estación concluía o seu ano de investigación co sacrificio de toda a cría de visóns cuxa pel era procesada e comercializada a través do SFX, como un medio para

augmentar os ingresos da investigación. Isto chegou a ser vital cando os votantes de Oregón recortaron os seus fondos adicionais que previamente chegaran ás arcas de insospeitosos pagadores de impostos do Estado. Como calquera exitosa industria, a investigación e o desenvolvemento son parte vital das necesidades da industria das granxas de pel, mentres nas mesmas granxas os visóns ficaban confinados en condicións que normalmente provocaban que mordesen o seu propio rabo, cortasen a súa propia pel e rañasen a súa propia gaiola nun intento inútil de conseguir a súa liberdade nesas prisións de dez pulgadas de profundidade. Isto para un animal era como percorrer dez millas nunha noite e ficar en soidade agás na época de engorde e crecemento. A maioría das granxas de visóns albergan miles de animais separados uns dos outros por unhas finas barras de metal ou de plástico ata que son asasinados aos sete meses de idade. Nas granxas de raposos e linces, os animais son colocados en gaiolas de arame suspendidas sobre o chan con apenas espazo para darse a volta. Normalmente comparten unha gaiola de tres ou catro pés de ancho coa súa prole, agardando a que o granxeiro os arrastre cara a morte, electrocutados polo ano, gaseados nun contrachapado con dióxido de carbono procedente dos gases de combustión dun motor de gasolina, disparados ou administrados cunha inxección letal. Moitas granxas peleiteiras atópanse situadas no hábitat en que estes animais deberían ser libres, e a miúdo pódese ver os visóns e aos linces mirar fixamente cara a súa liberdade a través da gaiola, só a poucos pés daquilo que nunca podería ser seu. Para todos os que a última hora dunha noite reunímonos acurrucados para ver xuntos unhas cintas de vídeo e unhas páxinas fotocopiadas de documentos de investigación había algo máis que o sufrimento físico que eses animais padecían. Vimos neles o que vemos en nós mesmos, o espírito salvaxe que arela liberdade. Non significaba que ese espírito estivese destrozado, pero a ciencia bruta do home e a agricultura tentaban desesperadamente aproveitarse del. Vimos o destino de todas esas criaturas, que se atopa no derradeiro lugar salvaxe que queda na terra, e que serve de apetito para a voraz conciencia humana de cobiza e de destrución, e que fai que eses seres desaparezan para sempre. Respecto da industria da pel sabíamos que as granxas eran a última fortaleza de séculos de antigas empresas, sádicas comerciantes da natureza. Pero a principios dos 90 moita xente do entorno da loita pola liberación animal estaba demasiado ocupada en estender as súas ideas e en conseguir a aceptación do público...

6. OPERACIÓN BITE BACK

NOS 90, A ALF IBA DIRECTA Á XUGULAR.

Na escura Lúa Nova de 1991, atopabámonos sobre o tellado da Experimental Fur Animal Research Station da Universidade do Estado de Oregón (OSU). Os faros dos coches que pasaban reflectíanse ao longo das cinco longas naves, que albergaban 1.100 visóns. O son das súas rabuñaduras e o cheiro inesquecible dos seus corpos flotaban polo ar da noite. Abaixo podíamos distinguir a figura dunha muller con vestimentas negras e cunha longa melena que lle tapaba a cara. Levaba unha antena de radio na man. Unha vez recibido o sinal de "todo preparado", un guerreiro descendeu cara a granxa de visóns e deu unha volta arredor das naves de gaiolas. Esta era unha das moitas misións de recoñecemento cuxo único propósito era familiarizarnos coa distribución e coa actividade nocturna da estación de investigación.

Os edificios foran localizados, e o único que non tiñamos era un punto de entrada. Queríamos evitar todas as portas, xa que, obviamente, son o sitio máis común para colocar alarmas. Andando un pouco ao longo da granxa, non moi lonxe, descubrimos que uns cantos visóns atopábanse fóra das súas gaiolas, pero, aínda así privados da súa liberdade por un valo de arame eléctrico duns cinco pés de altura. Cando un visón se achegou, o guerreiro levantouse ao notar o seu cheiro, e continuou buscando algún regato próximo que discorrese perto da estación. Xa perto do valo que daba a un patio, despois de comprobar as alarmas, o guerreiro abriu a porta e parouse un momento. O visón solitario aproximouse lentamente e cruzou o limiar da liberdade, foise correndo rápidamente cara o río próximo e desapareceu. Despois de pechar o valo, o guerreiro botou unha ollada a unha pequena xanela e comprobouno, e descubriu que non estaba pechada.

A través da xanela fíxose moi obvio que este edificio era o que albergaba os arquivos e os vídeos de investigación sobre granxas de peles desde os anos '70. As oficinas de Ron Scott, a cabeza investigadora, tamén estaban adxuntas ao laboratorio. Este sería un dos dous obxectivos da Western Wildlife Unit da ALF no seu primeiro ataque a esta estación. O outro era a granxa onde se atopaban todos os equipos de mesturas e de experimentación alimentaria, situada a unha distancia segura do lugar onde estaban as gaiolas dos animais.

As investigacións preliminares xa probaran que a experimentación alimentaria era o punto forte de todas as investigacións actuais en proceso, segundo as cales esas dietas asegurarían unha calidade óptima da pel do visón, e ademais farían dela unha pel economicamente viable. Tamén sabiamos que a Northwest Fur Breeders Cooperative cubría os altos custos desta alimentación, e sen as súas doazóns a estación de investigación tería que acceder á súa propia carteira para fornecer con alimentación a estas investigacións animais. Aquela noite, á volta da estación, sentíamonos eufóricos, non tristes, e sabiamos que a seguinte visita sería a última e que os investigadores nunca a esquecerían...

Os días posteriores dedicámoslos a elixir a noite do ataque, unha noite que ofrecese a escuridade axeitada e a mínima actividade nos establecementos, nas casas e nas veciñanzas do campus. A finais de maio recibimos a noticia de que o Estado decidira presentar cargos contra tres activistas da ALF, acusados do ataque aos laboratorios da Universidade de Oregón en 1986. Pensamos que o mellor modo de celebralo era con outro ataque da ALF en Oregón.

Cando o sol se puxo, o 10 de xuño de 1991, seis guerreiros da ALF reuníronse arredor do lume nun bosque cercano para comprobar as baterías das radios, os mapas do lugar e a súa topografía, e vestirse con roupas universitarias para agochar a vestimenta escura que levaban debaixo. Preparámonos para unha noite que traería consigo unha longa e agardada xustiza ao centro de investigación sobre as granxas de peles máis grande da nación. No aire respirábase unha alegría que de cando en cando habita as nosas filas. Organizáronse os paquetes cos instrumentos necesarios para cada individuo, e tamén se distribuíu algo de diñeiro para cada guerreiro en caso de separación, así como mapas con rutas predeterminadas para fuxir da área. Revisáronse os refuxios fáciles, repartíronse os papeis de cada un e todos os guerreiros repetiron as súas responsabilidades para comprobar que coñecían todos e cada un dos pasos nos que consistía o ataque.

Coa escuridade entre nós como unha das nosas mellores amigas, reunímonos para falar por última vez e expresar os motivos polos que estabámos aí esa noite, e dicir o que desexábamos conseguir para os nosos irmáns os visóns. Nunca vira un grupo de guerreiros tan bos, e conforme nos separámos nos nosos coches era difícil ocultar o meu

orgullo por aquel feixe de xente, aquela xente que estaba disposta a arriscalo todo pola nosa Nai Terra.

Nunha hora os activistas vixiantes estaban nos seus postos, e catro guerreiros baixaron en bicicleta polos regatos próximos que conducían á estación. Sen dicir unha palabra, só a través de sinais coas mans, colocámonos nas diferentes posicións sen escoitar ningún sinal de radio, o silencio significaba que todo estaba ben. Comezou o traballo nocturno.

Mentres un guerreiro se ocupaba de quitar os cartóns de identificación alimentaria das gaiolas dos visóns (para confundir aos investigadores, xa que era o único modo de identificar os animais), outros dous coábanse pola xanela do baño, aínda pechada, dun dos principais edificios de documentación. Meteron as fotos da investigación, diapositivas, e outros documentos nunha mochila, xunto cos directorios de teléfono dos vivisectores, libros de direccións e outros materiais que revelarían aos partidarios e financeiros do traballo sucio da estación. Despois disto revolvéronse polo chan todos os papeis, arquivos de investigación e materiais, e todos os líquidos que había dispoñibles derramáronse sobre eles e chegou a auga do baño, que anegou a planta por completo.

Os equipos máis caros do laboratorio foron esnaquizados e as mostras dos tubos de ensaio verquéronse ao sumidoiro. Os medicamentos veterinarios, que no futuro serían útiles, botáronse en bolsas de plástico e roubáronse. E, para rematar, a pintura vermella dos esprais apareceu coa sinatura da WWU's (Western Wildlife Unit), aconsellando aos vivisectores deixalo todo. Todo iso e as siglas da "ALF". Ao saír do edificio de investigación polo mesmo camiño polo que entráramos, as nosas forzas comezaron a debilitarse como se debilita un guerreiro, e unha persoa vixiante quedou atrás.

Cun dispositivo incendiario programado para unha hora máis tarde, a "manifestación" entrou na granxa de experimentación alimentaria, despois de que se utilizase a clave oficial da ALF para obter a entrada. Despois de colocar o dispositivo perto da estrutura central do edificio, o guerreiro xuntou materiais de madeira da granxa de peles arredor do dispositivo, colocouno e acendeuno. En poucos minutos todos os membros do equipo reagrupáronse levando bolsas de lixo nas súas mochilas, que portaban todas as ferramentas e a evidencia da nosa presenza. Uns minutos máis tarde, cargados coas bicis e con todas as fotos e documentos de investigación confiscados, metémonos no coche e

conducimos a velocidade límite polos camiños do condado ata o estado máis próximo, onde tiramos en diferentes colectores toda a roupa que levamos durante a acción. Tamén tiramos os zapatos e as ferramentas, aínda que as novas depositámolas no río máis próximo. Por aquel momento o lume entraba en erupción na granxa de experimentación alimentaria e demolía todos os alimentos e maquinarias, así como toda a granxa. Os 1.100 visóns vían como os investigadores chegaban a contemplar os danos. En poucos minutos as cámaras de televisión estaban no lugar dos feitos, e as autoridades locais e federais abríanse camiño entre os 70 anos de investigación en granxas peleteiras, desaparecendo polo sumidoiro.

O estado de ánimo entre os granxeiros de peles do Noroeste estaba polos chans, xa que non só se enfrontaban ao incómodo feito de que todos os proxectos de investigación da Estación de Investigación Animal sobre Peles da OSU fosen virtualmente destruídos, senón que tamén todos os seus nomes e números estaban agora en mans da ALF. Tamén perderan os libros de rexistro xenético para a investigación do visón, xunto con arquivos de investigación vitais e necesarios para poder continuar cos estudos.

O golpe resultou demasiado duro como para que o axustado orzamento do laboratorio de investigación puidese soportalo. A finais de 1991, cando os visóns da OSU foron asasinados, o Departamento de Investigación Animal da Universidade decidiu cortar os fondos para as granxas peleteiras e en seis meses a Experimental Fur Animal Research Station da Universidade de Oregón (OSU) pechou as súas portas para sempre. No seu primeiro paso, a Operación Bite Back pechara o maior centro de investigación sobre granxas de peles.

MORDENDO A MAN QUE CHE DÁ DE COMER.

Antes de que o pó se asentase nas aínda ardentes brasas da estación de investigación da OSU, unha pequena célula da WWU-ALF dirixíase a Edmonds, Washington, fogar da Northwest Fur Breeders Cooperative. A cooperativa fornecía anualmente axudas á estación de investigación da OSU, non pola bondade do seu frío corazón, senón porque os seus membros representaban a maioría dos granxeiros de peles en Washington, Oregón, Idaho e Montana, e que á súa vez servían de beneficio para as investigacións da OSU.

Situada no porto de Edmonds, a Cooperativa NW funciona como o fabricante da alimentación, procesando toneladas de produtos derivados de granxas e peixe e transformándoos na comida que mantén as granxas de peles do Noroeste en marcha. Do mesmo xeito que un centro operativo, a cooperativa envía semanalmente a gasolina para os tractores dos granxeiros, distribúe os piensos, o material para os animais e outros equipos necesarios nas granxas de peles.

O 15 de xuño, catro guerreiros presentáronse ás 23:00 da noite fronte ao porto de Edmonds para ver desde un outeiro próximo o cambio de quenda na cooperativa. En cada unha das mochilas dos guerreiros había radios con micrófonos e auriculares, cuxa extensión chegaba ata os ombreiros do invasor así como ata os policías de perto de Seattle. Unha vez máis, confiouse nas bicicletas de montaña, e se alguén lles vía aquela noite, lembrarían os catro guerreiros descendendo polos outeiros Edmonds ata o porto. Os ciclistas tomarían diferentes direccións para establecer puntos de vixilancia por todas as entradas da estrada. Un dos guerreiros levaba un escáner de policía e, a través de recoñecementos anteriores, familiarizouse co tráfico "normal" de radio e cos códigos usados pola policía.

Dous dos guerreiros foron a pé, andando normal polo porto como uns namorados, da man, parando de cando en vez para inspeccionar a escena que quedaba detrás deles. Cando pasaron polas sombras detrás da Cooperativa de NW, os dous guerreiros agocháronse detrás de dous tractores cuxos refrixeradores producían uns ruídos altos sobre os sons dos arredores do porto. O cheiro a tripas de peixe impregnaba o aire. Rapidamente os guerreiros puxéronse os seus monos escuros para meterse por toda esa suciedade.

Unha vez localizada a porta para entrar á zona de produtos de alimentación, metéronse a través dela e coidadosamente introduciron as súas mochilas no edificio. Cos sinais de radio en silencio en todo momento, que sinalaban que todo ía ben, os dous guerreiros inspeccionaron rapidamente o edificio por completo para asegurarse de que non había ningún empregado nocturno nin ningún vixiante. Tras confirmar que o edificio estaba baleiro, os dous guerreiros entraron na parte do almacén na que os piensos secos e as pallas estaban apilados en grandes palés de madeira no chan. Despois de abrir unha xanela do teito para deixar que houbese un pouco de aire en circulación que estimulase o lume,

un dos guerreiros comezou a colocar o dispositivo incendiario, mentres o outro deixaba a tarxeta de visita da ALF acompañada do debuxo dunha pata de visión rodeada cun círculo, co símbolo da muller en lembranza das nais dos visóns da OSU, a cuxas crías a ALF non foi quen de rescatar.

Unha patrulla de seguridade rodeou o edificio, pero os guerreiros sabían que mentres todo tivese unha aparencia normal non habería ningunha razón para que o garda parase e investigase. Unha vez que o dispositivo incendiario estaba colocado e o coche patrulla xa pasara, os dous guerreiros saíron rápido e silenciosamente, quitaron os monos e continuaron o seu paseo cara ao porto, de volta ao lugar onde estaban as súas bicicletas na escuridade da noite.

Noventa minutos máis tarde os bombeiros trataban de apagar os catro incendios, que non feriron a ninguén, pero destruíron de forma efectiva o 75% do almacén de alimentos de NW e causaron perto de 750.000 dólares en danos. A fase dúas da Operación Bite Back estaba completada.

Tras os ataques á OSU e aos almacéns de NW, a industria das granxas peleteiras foise a pique. Ofreceuse unha recompensa de 35.000 dólares pola captura e condena dos guerreiros da ALF, e os granxeiros de pel anunciaron nos medios de comunicación que agora estaban armados contra outros ataques.

O portavoz da industria das granxas peleteiras, a Fur Farm Animal Welfare Coalition (Coalición polo Benestar dos Animais de Granxas de Peles) deu unha rolda de prensa en Seattle para pedir aos grupos pola liberación animal que denunciasen a ALF.

Afortunadamente, nada se fixo público naquel momento, pero tampouco ninguén fixo nada para apoiar a ALF excepto un pequeno grupo alternativo da Coalition Against Fur Farms - CAFF (Coalición Contra as Granxas de Peles), que distribuíron comunicados e tentaron organizar campañas para continuar coa presión sobre os centros de investigación de peles. E así, o verán de 1991 comezou coa volta á acción da Western Wildlife Unit. O adestramento foi continuo, recompiláronse documentos de investigación e revisáronse as revistas de sindicatos de granxeiros para determinar cal podía ser o próximo nexo de granxas de abuso animal de peles en romper. Os infiltrados da ALF puxeron en práctica as

liñas de actuación doutros obxectivos potenciais e investigaron os arquivos de medicamentos veterinarios para posibles accións futuras.

En xullo, un artigo de xornal que chegou desde a CAFF de Spokane, Washington, describía o impacto que a ALF causara á investigación animal sobre peles na Universidade de Washington. Ao mesmo tempo confiscáronse documentos da OSU que revelaban como os programas de investigación do vivisector da WSU, John Gorham, estaban a florecer na procura dun remedio para as enfermidades que sufrían os visóns nas granxas de peles debido ao confinamento intensivo. Aos poucos días, os guerreiros da ALF estaban de camiño a WSU en Pullman, Washington.

A NOITE DA CHOIVA DE ESTRELAS.

Á vez que os topos da Frente de Liberación Animal ocupábanse de investigar todo o que podían sobre os experimentos de John Gorham, os soldados rasos comezaron as súas misións de recoñecemento no campus da Washington State University (WSU), que se estendía ao longo dos outeiros dos arredores de Pullman, Washington. Do mesmo xeito que a maioría do sueste de Washington, a zona de Pullman estaba cuberta de chairas de herba desprovistas de árbores, que foran na súa maioría deforestadas para a industria madeireira. Xa sabiamos que a localización do departamento dos EUA de Agricultura Experimental de Granxas de Peles da WSU estaba agochado do público, pero, que dificultade habería en atopar granxas de peles inequívocas? O noso primeiro paso era a táctica verdadeira e probada de ir en bici como un ciclista calquera pola estrada e cruzar o camiño que atravesaba o campus da WSU. Comprobamos os edificios dos arredores, e seguimos o rastro no vento cara o facilmente recoñecible cheiro da pel do visón.

Mentres tanto, os infiltrados descubriran que a WSU era un nervio central de investigación animal sobre flora e fauna nativa americana. Osos pardos e negros, cervos, alces e ovellas eran só algúns dos animais que pronto descubrimos revolcándose nos currais de formigón. Do mesmo xeito que unha prostituta para a industria do gando, os vivisectores da WSU estaban centrados en estudos sobre as bacterias e outras especies da fauna nativa que ameazaban o gando e se asentaban nos pastos. Nunca antes a ALF descubrira unha vivisección sobre a fauna americana fora da granxa de visóns da OSU, e agora os nosos expertos en estratexia e loxística debatían maneiras de como transportar

estes grandes animais. Desgraciadamente, os nosos recursos e a falta de guerreiros privárianos de liberar naquel momento a osos ou cervos. O noso obxectivo centrábase nos visóns.

O artigo de xornal que recibíramos falaba tamén dun centro de investigación de peles de osos, tamén ubicado no campus, onde ademais o vivisector Fred Gilbert probaba trampas submarinas en castores. O seu laboratorio tamén albergaba lobos, teixugos e martinetes. Tamén tentaríamos localizar o laboratorio de Gilbert e liberar alá aos seus prisioneiros. A investigación de Gilbert era subvencionada pola industria das peles canadense. A investigación de John Gorham non só era subvencionada pola Mink Farmers Research Foundation (Fundación para a investigación de granxas de visóns), senón tamén polo Departamento de Agricultura dos EUA. Gorham centrouse na enfermidade Aleutiana, Encefalopatía (coñecida no gando como “enfermidade das vacas tolas”) e noutras enfermidades que podían destruír economicamente os granxeiros de peles se os seus visóns chegaban a estar afectados. Para levar a cabo esta investigación, Gorham machucaría cerebros de visóns infectados e alimentaría con iso a outros visóns sans ata que estes contraesen a enfermidade elixida. A miúdo os animais do seu laboratorio morrían lentamente, coa parálise da enfermidade lentamente desenvolvida que causaba no visón desordes nerviosos e hemorraxias. Segundo un artigo da Fur Rancher Magazine en 1991, granxeiros de todo o mundo sinalaran a John Gorham como "un dos investigadores líderes en enfermidades en granxas peleteiras". Tras localizar a granxa de peles na WSU, agochada nunha chaira en dirección ao aeroporto local, planeouse un recoñecemento nocturno. Á primeira hora do atardecer dunha noite de lúa chea dous guerreiros fóronse de excursión á granxa, onde rubiron un valo encadeado, cuberto con arame de espiños, ata chegar ás gaiolas dos visóns. Andouse unha distancia ata o lugar onde estaba claro que non había alarmas de infravermellos detectoras ou motoras que rodeasen a instalación. Era o mínimo que agardabamos, ao tratarse dunha estación de investigación subvencionada polo Estado. Non había nada de seguridade electrónica.

Os guerreiros inspeccionaron a zona, e rapidamente localizaron o grupo controlado de visóns que non fora infectado con ningunha enfermidade. Unha vez que o esquema da instalación fíxose familiar e non viran a ningún vixiante ou can gardián, os guerreiros volveron cara ao valo encadeado. A unha distancia podíaase escoitar un coche que se

achegaba, así que os guerreiros rubiron rapidamente polo valo. Un deles enganouse no arame de espiño. Cando as luces do coche fixéronse visibles, o guerreiro atrapado pelexou coa súa perneira do pantalón e finalmente puido liberarse, saltar o valo e correr a toda velocidade pola estrada. Escondeuse xusto cando o coche chegou e pasou. Era un coche da policía.

Cando os dous guerreiros pasearon na escuridade pre-lunar, déronse conta de que as luces longas de estrada do coche de policía facían un xiro de 360 graos e íanse. Á vez que os guerreiros camiñaban pola plataforma da estrada convertéronse en sospeitosos. Ao sacar os prismáticos, os guerreiros divisaron na distancia a figura dun coche na beiravía da estrada coas luces apagadas. Rapidamente os dous agocháronse polos arredores dun outeiro próximo, xusto cando outro coche da policía viña da outra dirección a toda velocidade na mesma estrada. O primeiro coche da policía encendeu o motor e as luces nun intento de acurrallar aos dous guerreiros.

Á vez que os guerreiros cruzaban gateando polo céspede, os dous coches de policía chegaron xuntos á granxa de peles e comezaron a enfocar a instalación e despois os outeiros dos arredores. Obviamente, a instalación de investigación sobre granxas de peles estaba agardando unha visita da ALF.

Os dous guerreiros estaban tombados boca abaixo no outeiro -desprovisto de árbores ou arbustos- de arredor da granxa de peles. A lúa estaba clara e brillante, iluminaba toda a área. Un dos coches de policía apagou as luces xusto ao pasar á beira dos dous guerreiros agochados, e aparcou na crista do outeiro desde onde se observaba todo o complexo da granxa. Os guerreiros permanecían agochados, e os coiotes comezaron a ouveaar cando a lúa se puña no ceo. Algo soaba fóra de lugar, xa que os coiotes ouveaban ao unísono e o son viña dun pequeno edificio da granxa. Podíase escoitar a outros coiotes que ouveaban desde outros outeiros distantes. Era evidente que nun dos edificios da granxa os coiotes sentíanse presos. Con pouco que facer excepto agardar, os dous guerreiros maldiciáanse a si mesmos por ser atrapados baixo a luz brillante da lúa. Finalmente, os policías abandonaron a busca e fóronse, e os dous guerreiros andaron polo longo camiño de volta ata o lugar onde estaban agochadas as súas bicicletas. O elemento para un ataque sorpresa desaparecera. Non só os investigadores animais da WSU tomaran o ataque á OSU e aos

NW Furbreeders como unha alerta, senón que tamén a policía da universidade recoñecera a intrusos perto da escondida granxa de pel. En poucos días incrementouse a seguridade, e cando o laboratorio de Fred Gilbert foi finalmente localizado agochado nun piñeiral, colocouse un sistema de seguridade de perímetro de infravermellos nese lugar. Os cortellos de castores eran claramente visibles xusto detrás.

A pesar do incremento de seguridade, os recoñecementos coidadosos continuaron, e pronto se localizou un curral situado nun outeiro no que había unha ducia de coiotes, obxecto dunha investigación sobre sarcocystis. A sarcocystis é unha enfermidade que non é fatal para os coiotes, pero que se transmite a través do seu sistema nervioso en moi poucas semanas. Nas ovellas tampouco é fatal, pero os parásitos destrúen o valor económico da súa carne e da súa la. Xeralmente, os coiotes transmiten a enfermidade a través das súas feces, que á súa vez chega ás ovellas que pastan nas terras públicas onde hai coiotes. O Departamento de Programas de Control de Animais Daniños para a Agricultura provía os animais para estes experimentos. Aos sobreviventes do brote disparábaselles ou gaseábaselles e deixábaselles perecer nun alpendre xunto coas súas familias deterioradas.

Organizouse unha sesión de estratexia para debater o futuro de calquer acción nas estacións de investigación peleteira da WSU, e decidiuse que para calquer ataque exitoso necesitaríanse guerreiros con diferentes niveis de experiencia. A mediados de agosto, sete guerreiros da ALF confirmaron a súa boa vontade para arriscarse nun ataque ao aínda en garda Departamento de Investigación Animal Peleteira da WSU. Os topos informaron ao equipo da Operación Bite Back de que John Gorham fora elixido como "Investigador do ano 1991" da USDA (Departamento de Agricultura dos EUA), e estaría fóra da cidade a semana do 21 de agosto para recibir o seu premio. Era o momento de actuar. Sería un ataque de tres puntos. Un equipo entraría no edificio de Veterinaria da WSU, abaixo no campus de Pullman onde Gorham tiña a oficina, outro entraría na granxa e o terceiro liberaría aos coiotes do curral situado no alto do outeiro.

Na habitación dun motel, a quilómetros de Pullman, os guerreiros da ALF reuníronse arredor dos mapas mentres outros se adicaban a escanear as frecuencias da policía local. Excepto os condutores designados, o resto de guerreiros do equipo dividíronse as luvas

pesadas para coller aos visóns, as ferramentas para forzar a entrada ao edificio de Veterinaria e as cisallas e esprais vermellos para os liberadores de coiotes. Acordouse un medio de comunicación para as transmisións de radio necesarias e para sinalar os puntos e os tempos de fin. Os membros do equipo xa pasaran pola zona para facer as marcas na estrada nas que os guerreiros se situarían para coller aos animais. Aquela noite non había lúa chea, pero había unha choiva de meteoritos, segundo o que dixeran os metereólogos.

Cando se levase a cabo a parte final do plan, a policía preocuparíase do noso ataque e os guerreiros marcharían en dirección á Washington State University. O primeiro equipo chegou ao edificio de Veterinaria xusto cando un estudante a última hora da noite saía do piso baixo. Un guerreiro colocouse nunha posición de vixilancia, mentres que outro se situou no pestillo dunha porta que antes fora manipulada para que, con só un empuxón agresivo, saltase a bisagra. Despois de escalar polo oco da escaleira ata o terceiro piso, onde estaba a oficina de Gorham, os guerreiros da ALF entraron ao hall e quitaron unha baldosa do teito da entrada, fóra da oficina de Gorham. No espazo do teito para gatear, só unha lámina de formigón separaba a entrada da oficina de Gorham do outro lado da habitación. Cun pequeno trade fixemos un buraco, e os guerreiros da ALF accederon á oficina de "un dos investigadores líderes do mundo sobre granxas peleteiras".

Extraéronse discos de computador, diapositivas e libros de direccións, así como un computador novo de marca para Johnny Boy que estaba aínda nunha caixa á beira da súa mesa. Unha guerreira levantou un computador sobre a súa cabeza e tirouno contra o chan, e procedeu a facer o mesmo con cada peza de investigación e materiais informáticos que había na habitación. Era a versión de terapia da ALF. Mentres tanto, un guerreiro da ALF tiraba todos os arquivos de Gorham polo chan ata que todo estivo revolto pola oficina. Como toque final derramouse por toda esa desorde do chan ácido muriático ata que o fume obrigou aos guerreiros a saír da oficina. Cando os guerreiros baixaban cara a entrada pasaron por unha sala cunha caixa chea de plexiglass e de ratos brancos, cunha etiqueta que dicía "Irradiados 21 de agosto de 1991". Colleron a caixa cunha man e saíron rápido do edificio, completando así a fase un do ataque á WSU. Naquel mesmo momento, catro guerreiros da ALF entraban a botar unha ollada ás granxas, á granxa de visóns e ao curral de coiotes. Separáronse en dous grupos e un entrou na de visóns e outro no de coiotes. Na

granxa de visóns había agora un vixiante vivindo, pero iría durmir despois do recoñecemento da granxa ás once da noite.

Ao achegarse á xanela do vixiante, un guerreiro da ALF escoitou o encantador son duns ronquidos fortes. Ao volver ás naves de visóns, a chave oficial da ALF foi usada para abrir o pequeno cadeado da porta da granxa e os dous guerreiros entraron, onde estaban os animais controlados con gaiolas de arame con seis compartimentos separados. Un a un, convenceuse aos visóns para que entrasen na gaiola ata que estivesen cheas. Ao abandonar a nave, un dos invasores decidiu substituír o cadeado cortado por outro similar para que no caso de que o vixiante decidise facer unha inspección visual máis tarde naquela noite non detectase nada fóra do seu sitio. Cada guerreiro levaba un asa da gaiola cos visóns, as dúas figuras desapareceron na escuridade. Arriba, no alto do outeiro, no curral de coiotes un dos guerreiros ocupábase de cortar os valos que rodeaban o recinto cunhas cisallas para facilitar un escape na zona dos coiotes, mentres que o outro cortaba o cadeado do curral e entraba. Ao baixar as gaiolas, os coiotes volvéronse ansiosos, xa que se tomaron esa visita nocturna como algo amigable. A ALF visitara os coiotes regularmente, así que xa estaban afeitos aos estraños coas caras tapadas. Unha por unha, abríronse as portas das gaiolas e os coiotes saltaron cara a porta do curral.

Mentres a maioría dos coiotes saían da zona inmediatamente, outros podíanse escoitar desde a distancia, ouveando desde as escuras sombras da natureza, tal e como lles escoitabamos antes. Mentres tanto, un dos coiotes resistíase e tentaba fuxir ás agachadas do liberador ata a última das gaiolas.

O guerreiro entón decatouse de que o último coiote engaiolado era unha nova femia que observaba xa desde antes ao coiote indeciso. Cando o liberador abriu a última gaiola, os dous saíron xuntos rápido cara á escuridade, do mesmo xeito que unhas estrelas fugaces no ceo cunha brillantez máxica. As bágoas caeron polo rostro cuberto do liberador, cando decatouse do amor que eses dous últimos coiotes tiñan o un polo outro, tan forte que un rexeitou abandonar ese inferno ata que a outra tamén estivese libre. Cando as siluetas dos coiotes desapareceron polas chairas, o guerreiro colleu a lata de esprai de pintura e escribiu con letras grandes por toda a parte traseira do agora baleiro curral de coiotes:

"VIDA SALVAXE AMERICANA: ÁMAA OU DÉIXAA EN PAZ - Liberdade para os animais das peleteiras agora!".

Cando o sol se puxo á mañá seguinte, a evidencia do ataque foi rapidamente descuberta polos estudantes de Veterinaria, que normalmente alimentaban os coiotes agora libres. Tan pronto como as autoridades foron alertadas, tanto os vivisectores como os administradores da WSU puxéronse moi furiosos, xa que estiveran cos ollos pechados sen pensar na cautelosa ALF. Os investigadores de animais de pel tentaron negar que os seus proxectos de investigación eran financiados pola industria das peles, só para ser disipados dos documentos que sacara a ALF, nos que se dicía o contrario. Aínda que o laboratorio de Fred Gilbert escapou do ataque, non ocorreu o mesmo cos seus experimentos. Unha cadea de televisión de Seattle informara sobre unha acción legal contra Gilbert e a WSU polos comunicados dos seus vídeos, nos que aparecían trampas submarinas e experimentos con castores. Ao citar que aqueles vídeos eran da propiedade do seu subvencionador, o Instituto de Peles de Canadá, Gilbert negouse a publicar as cintas, mentres que os residentes de Washington quedaron en estado de shock ao coñecer que a súa universidade estaba a ser utilizada para beneficiar á industria peleteira canadense. Nun ano, Fred Gilbert perdeu o seu posto de xefe do Centro de Titulares de Investigación sobre Peles e retirouse á British Columbia University para continuar co seu traballo, fóra dos EUA. Para Gorham, a súa selección como "Investigador do Ano" foi desacreditada pola destrución dos seus experimentos en marcha, que foron inútiles debido ao roubo dos discos do computador e os arquivos danados polo ácido, as diapositivas e os vídeos. Gorham tentou distanciarse da investigación de granxas de peles para ser máis tarde destacado nas páxinas da revista Fur Rancher Magazine a finais de 1991, como un convidado especial no tour por granxas de peles rusas. Mentres a industria das granxas de peles estaba de loito pola perda da segunda maior investigación da Mink Farmer Research Foundation (Fundación para a Investigación das Granxas de Visóns), seis visóns comezaban as súas novas vidas na beira do río Lochsa, perto da reserva de Nez Perce. Cando o verán chegaba ao seu fin, unha familia de coiotes comezaba os seus preparativos para a chegada do inverno, coas orellas tatuadas e cubertas por unha grosa capa de pel. Nunca esquecerían a Noite da Choiva de Estrelas e as súas relacións humanas cos que lles puxeron en liberdade.

ABAIXO, NA GRANXA

En setembro de 1991, as granxas de peles dos EUA e a Lei Federal de Forzas de Aplicación comezaron a anticipar unha guerra aberta contra a ALF. Comezaron a circular fotografías de coñecidos activistas entre os granxeiros de peles, e a prudencia estaba presente á hora de contratar axuda nas granxas. A tempada peleteira do '91 afrontábase cun sentimento de ansiedade entre os granxeiros, que pensaban que serían o seguinte obxectivo da ALF. Os medos estaban xustificadas, cando a finais de setembro houbo un intento errado de queimar a Cooperativa de Subministradores de Peles de Utah en Sandy, onde se producía a maior cantidade de comida para granxas de peles de todo o estado. A cooperativa rural tamén albergaba a unha granxa de visóns que supostamente era utilizada para a experimentación na investigación de granxas de peles.

Para non desilusionarse, os activistas da ALF volveron ao Noroeste, onde, unha vez máis, as forzas de vixilancia da seguridade case descubriron aos invasores da ALF nas súas granxas e os granxeiros estaban preparados para atacar. A partida de guerra viaxou entón a unha granxa de visóns fóra de Olimpia, Washington, onde un equipo de catro persoas despregouse ao longo do valo de garda das gaiolas, arredor das naves de visóns. Mentres outros quedaban vixilando, un guerreiro comezou a inspeccionar a granxa na procura dos sementais. Agochado na escuridade, o guerreiro viu cómo unha forma humana se aproximaba, casualmente cunha lanterna na man. Pensando que aquela figura humana que se achegaba era un dos outros membros do equipo de guerra, o guerreiro permaneceu agachado mentres a forma humana se achegaba. Cando a figura se retirou, antes de ver ao guerreiro, o activista da ALF regresou ao equipo que estaba á espera. " Que pasa?", "Nada, por que?", "Non foches ti o que te achegaches a min?", "Nós estivemos aquí mesmo". Había un vixiante patrullando as granxas. Nunha lenta retirada, os invasores víronse obrigados a abandonar o seu ataque, unha vez máis escapaban do enfrontamento cos granxeiros.

Por aquel tempo, un dos topos da ALF alertou ao equipo da Operación Bite Back da venda dunha granxa de peles perto de Salem Oregón, xusto debaixo da estrada da OSU. O granxeiro, Hynek Malecky, estaba interesado non só en vender a súa operación de visóns, senón tamén manter unha participación nun negocio conxunto. Obtiña beneficios

directamente das investigacións da OSU. E ademais este granxeiro desenvolvera un estado de arte do negocio con visóns, e agora co declive no mercado das peles de visón necesitaba financiamento adicional para manter vivo o seu negocio. Ningún banco atreveríase a financiar a un granxeiro de peles, non só pola inestabilidade do mercado, senón tamén polos recentes ataques da ALF. A Granxa de Visóns Malecky era só unha das moitas que estaban a se cambalear na época da bancarrota. A Western Wildlife Unit da ALF decidiu darlles un pequeno escarmento. A principios de decembro, longas noites frías e chuviosas de recoñecemento revelaran que apenas había seguridade nas granxas de visóns situadas perto dos ranchos contiguos. O que era difícil era achegarse á granxa a través do mosaico de residencias privadas que a rodeaban. Decidiuse que un equipo de tres persoas sería o apropiado para esta acción. Un condutor e dous ciclistas lanzaríanse ao ataque. O 10 de decembro, á tardiña, o condutor da ALF deixou os dous guerreiros nunha estreita estrada que levaba cara a Malecky Mink Farm. Vestidos cun chufasquero azul escuro e sudaderas con carapucha, os dous guerreiros dirixíronse directos ao seu obxectivo, coas súas pequenas mochilas nas costas onde levaban as ferramentas necesarias para levar a cabo a acción.

Un guerreiro controlaba unha canle de radio aberta co condutor da ALF, quen estaba sentado nun camiión a poucos quilómetros para vixiar o escáner da policía. A radio local Shack fornecera frecuencias de radio para a aplicación da lei na zona, do mesmo xeito que o facían normalmente cos afeccionados ao escáner. A guerreira “demo” permanecía sen radio, de forma que puidese manter os cinco sentidos para calquera son arredor dela, co seu pelo longo negro e trezado detrás do pescozo para evitar perder cabelos, non só os que se puidesen quedar atrapados nos valos, senón tamén para asegurarse de non deixar detrás probas de ADN fáciles de atopar. Co guerreiro da radio, situado nun lugar no que vía a casa de Malecky e o edificio obxectivo, así como a guerreira “demo”, os dous trocaron sinais co dedo na escuridade (en sinal de que todo ía ben) e a guerreira desapareceu polo edificio de procesamento das peles e mesturas alimentarias, o que era o corazón da operación. Afastado das granxas de visóns, o nervio central da operación albergaba a maquinaria de mesturas de alimentos, unidades refrixeradoras, secadoras para as peles dos visóns, percheros das peles e outras subministracións necesarias para manter a granxa operativa. Dentro do edificio, na escuridade, o guerreiro imaxinábase as

máquinas a pleno rendimento, as cámaras de gas móbiles descargando aos aínda temblorosos visóns que esperaban aos despelexadores, o cheiro desa esencia mentres as peles eran arrincadas dos tépedos corpos dos visóns, como unha casca de plátano. De volta ao presente, o guerreiro alegrouse ao pensar que nunca máis terían lugar esas escenas no Rancho de Visóns de Malecky. Tras localizar o centro estrutural do edificio, o guerreiro deuse conta de que este estaba feito de madeira.

Xuntou as gaiolas dos visóns, as táboas onde se estendían as peles e outros materiais inflamables dispoñibles. O guerreiro construíu unha pirámide de materiais combustibles e situou un reloxo de cociña cunha hora de demora (que formaba parte dun dispositivo incendiario) no medio de todo esa lea. Tras colocar unha serie de líquidos inflamables en garrafas de plástico arredor do dispositivo, o guerreiro virou a manecilla do reloxo, conectou a batería de nove voltios e lentamente abandonou o edificio marcando o tempo de detonación do dispositivo.

Cando o guerreiro atopouse de novo co condutor, aínda quedaban trinta e seis minutos para que o dispositivo acendese. Trinta e dous minutos despois prendeu, e antes de que cinco camións de bombeiros puidesen chegar á escena, o corazón da granxa de Malecky estaba en ruínas. Unha granxa de peles menos, 600 ás que visitar. A acción transcorreu limpa e sen problemas, e no momento en que os investigadores federais chegaron ao lugar, a única evidencia que atoparon foi unha granxa de peles queimada. Nin sequera as siglas da "ALF" estaban pintadas con esprai por algún sitio. Os guerreiros decidiran que o feito de facelo só deixaría evidencias que estreitarían o ámbito dos sospeitosos. A pintura con esprai só axudaría á aplicación das leis para concluír que o lume era un incendio non accidental ou unha estafa para a aseguradora. Esta acción, que tivo lugar despois da época do esfolamento, asegurou que non só había un mínimo risco en prexudicar os animais na granxa despois de que a maioría foran xa asasinados, senón que tamén podía custarlle ao granxeiro as caras peles que aínda estaban no edificio onde se procesaban.

AS MILICIAS DOS VISÓN S DE MICHIGAN

Antes de que chegase a fin do ano 91, houbo un intento de destruír a operación de procesamento de peles de Huggan's Rocky Mountain Fur Company, nos arredores de Hamilton (Montana). A compañía de peles, que tamén tiña as súas propias granxas de

visóns e raposos, procesaba as peles da maioría das granxas de visóns no Oeste de Montana. Montana tamén era o fogar de moitas das granxas de lince e gatos salvaxes dos EUA. Coa granxa de peles Fraser en Ronan, Montana dispoñía da maior granxa peleiteira de gatos salvaxes dos EUA. A finais da tempada das peles de 1991, despois de estar en alerta polos ataques da ALF en xuño, os granxeiros respiraron con alivio, coa esperanza de que a Operación Bite Back rematase. Nada podía estar máis lonxe da realidade. En xaneiro de 1992, People for the Ethical Treatment of Animals (PETA- Xente polo Trato Ético aos Animais) levou a cabo unha serie de comunicados pola radio na zona oeste de Michigan para espertar a atención sobre os experimentos con animais de Richard Aurelich na Michigan State University (MSU), onde o principal modelo animal do laboratorio eran os visóns.

PETA non sabía que Richard Aulerich era tamén o segundo maior receptor de primas anuais da Mink Farmers Research Foundation, e proporcionara durante os 32 últimos anos investigacións vitais para o desenvolvemento da industria dos visóns nos EUA.

Calquera discusión sobre investigacións de enfermidades en granxas de peleiteiras nunca se esquecía de mencionar a Aulerich. Os topos da ALF atopaban continuamente as súas achegas, que lle citaban na correspondencia incautada da OSU e WSU. A través do seu servizo ao goberno dos EUA e á industria dos visóns, Aulerich fora premiado con fondos federais para usalos tamén na súa granxa de visóns en experimentos tóxicos, relacionados coa alimentación forzosa, que contivesen PCP, dioxinas e outros contaminantes industriais necesarios para capturar visóns. Os vídeos de investigación publicados detallaban como os visóns envelenados padecían dolorosas mortes no laboratorio de Aulerich. Os visóns sufrían severas hemorraxias internas antes de vomitar sangue, e morrían tras ser alimentados con piensos que contiñan contaminantes co infame test de LD50 (dose letal do 50%).

Estudantes da MSU informaran os infiltrados da ALF de que nun tramo de 39 millas no río Fox, que ía parar ao lago de Michigan, atopábase a maior concentración de fábricas de papel do mundo. A pesar de que as emisións de PCP foran prohibidas facía máis de 20 anos, estes contaminantes aínda permanecían debido a antigos escapes no barro ou nos sedimentos ao longo do río e no lago, e causaban altos niveis de PCP no peixe e os

animais desa zona. Outra zona situada na boca do río Grand Calumet, ao sur do lago de Michigan, tiña a maior acumulación de sedimentos da industria contaminante dos Grandes Lagos. Os estudantes sentíanse frustrados xa que, a pesar de que se rastrexaron todas as dioxinas dos Grandes Lagos verquidas por case 200 empresas e se detectase o PCP fácil de atopar en cinco industrias, o único remedio era confiar nesas empresas para que o limpasen voluntariamente ou continuasen testando en animais para comprobar os contaminantes e determinar o seu perigo. En 1990, un estudo amosou o 100% da mortalidade entre os animais testados, expostos a mostras de sedimentos no río Grand Calumet. En lugar de comprobar a contaminación en visóns e lontras salvaxes da zona dos Grandes Lagos, Aulerich decidiu causar máis sufrimento ao elixir visóns e lontras da súa granxa en experimentos. Os infiltrados da ALF recibiran tamén información dos estudantes segundo a cal Aulerich facía chaveiros para os seus alumnos coas patas do visón viviseccionado. Unha das socias de investigación de Aurelich era Karen Chou, quen levaba a cabo experimentos de toxicoloxía en coellos, ratas e ratos para produtos químicos e contaminantes industriais así como para o goberno dos EUA.

Para a industria americana do visón, Richard Aulerich representaba a última esperanza para conquistar as enfermidades que se atopaban de forma común nas granxas de peleteiras. A Estación de Investigación Experimental da OSU estaba fóra de xogo, e a reputación de John Gorham estaba esnaquizada. A Estación de Investigación Animal sobre Peles da MSU estaba en alerta polos ataques da ALF despois dos asaltos en Oregón e Washington. Cando os anuncios de radio de PETA sinalaron a Aulerich, MSU incrementou o súa xa elevada seguridade. Entre os granxeiros de peles e a histeria na investigación formouse un consello da ALF a favor do Ecosistema do Lago de Michigan, co fin de deter o sufrimento dos visóns a mans de Aulerich e proxectar a atención cara a ameaza real: os contaminantes industriais.

Nunha noite de febreiro, cando caía unha lixeira choiva sobre as granxas de visóns de MSU, tres persoas permanecían agachadas na terra, camuflándose entre os arbustos. Co son dos coches que pasaban por unha autoestrada próxima, os guerreiros cortaron os valos e entraron no perímetro da Granxa de Peles Experimental. Ao mesmo tempo, outra célula da ALF da recente creada Great Lakes Unit (Unidade dos Grandes Lagos) dirixíase cara ao Anthony Hall do campus da Michigan State University (MSU), coma se fosen tres

estudantes que volvían a casa despois dunha longa noite de bebedeira. Un dos guerreiros levaba un auricular debaixo da súa sudadeira con carapucha, que mantiña en contacto ao equipo co coche que estaba aparcado e que controlaba o escáner da policía. Sen sinal algún, os tres activistas tomaron un atallo polo céspede en fronte do edificio, e chegaron ata un desaugadoiro situado á beira dunha xanela na parte traseira. O pestillo da xanela estaba entreaberto, e cunha cinta longa e delgada de metal un dos guerreiros conseguiu abrir a xanela. Dous guerreiros coáronse no edificio e aterraron no escritorio dun dos investigadores da MSU. Ao pechar a xanela, os tres guerreiros quitaron os seus xerseis de universitarios e cambiáronos por uns chovasqueiros negros con carapucha. Quedaron observando.

Dentro do edificio, os outros dous guerreiros andaron coa lanterna cara o hall e as escaleiras, e de aí subiron un piso ata a oficina de Richard Aulerich. Durante os recoñecementos do edificio á primeira hora do día, os guerreiros viran a porta aberta da oficina, sen decatarse de ningún tipo de sistema de alarma na entrada a ese lugar. Mentres un dos guerreiros permanecía de pé para vixiar que non houbera ningún estudante de última hora no edificio, o outro atravesaba tres reixas de ventilación de madeira que había na porta, alcanzouna, abriuna e meteuse. A oficina de Aulerich e Chou estaba diante deles, cunha zona de recepción e cunha caixa de cristal chea de peles para exhibir. Abriron todos os caixóns da oficina e tiraron o seu contido ao chan, o guerreiro buscou na súa mochila e sacou un recipiente que contiña un dispositivo incendiario envolto con papel de baño dunha hora de atraso. De súpeto podíanse ver luces brillantes azuis e vermellas desde a xanela. O guerreiro sabía que se isto o causaban as alarmas sería avisado por un dos dous compañeiros que estaban a vixiar. Encheu a súa mochila con discos do computador, diapositivas en cor e selectos documentos de investigación que describían as subvencións para posteriores viviseccións. En poucos minutos o coche patrulla foise, do mesmo xeito que o facía o motorista que parara. O guerreiro colocou o dispositivo incendiario e reuniuse cos seus vixiantes. Regresaron ao piso baixo das oficinas.

Antes de que os guerreiros saísen pola xanela botaron unha ollada á oficina do investigador na que entraran. A placa que había na porta dicía "Investigación de leite". Os guerreiros, veganos, miráronse entre eles e tiraron con forza ao chan todos os equipos do computador e o material de oficina que había sobre a súa mesa. Entón, os dous saíron da

xanela pola zona do desaugadoiro e puxéronse de novo as súas roupas para facer o seu camiño de regreso polo campus. O condutor colleunos a pouca distancia e nuns minutos xa estaban seguros, fóra do campus.

De volta á granxa de peles, na parte de investigación da granxa, un guerreiro parouse e fixouse nas estradas que conducían á zona e nos edificios onde durmían os coidadores. Un dos guerreiros subiu ata o tellado do laboratorio e apartou un anaco de chapa de metal do tellado e meteuse no laboratorio polo teito. Sen ningunha xanela que dese ao exterior, dous guerreiros acenderon os seus frontais de luz vermella para poder ver na escuridade e comezaron a quitar as bisagras dunha porta que conducía ao laboratorio. Unha vez dentro, un dos guerreiros empezou a destruír tranquilamente toda a maquinaria de investigación, mentres o outro procuraba arquivos e vídeos de investigación. Botaron acedo muriático sobre as máquinas de mestura de alimentos para a granxa de experimentación de visóns, e sobre todos os documentos e a maquinaria de investigación que había nas oficinas. Nunha neveira, os guerreiros atoparon as cabezas dunhas trinta lontras envoltas en papel de aluminio. Cando a sala do laboratorio de mesturas alimentarias e a oficina de investigación estaban destruídas, escribiron mensaxes con esprai para Aulerich e para outros investigadores, incluído o de "VOLTAREMOS POLAS LONTRAS", referíndose a Alice, a única lontra presa sobrevivente da experimentación, que viu atentamente como os guerreiros da ALF atacaban a granxa de peles. Ao saír do laboratorio polo teito, os dous guerreiros entraron á granxa de visóns e comezaron a sacar todos os cartóns de identificación das gaiolas, pero primeiro foron a por dous visóns azoutados pola contaminación, aínda sans. Tomaron "prestadas" dúas gaiolas e meteron alá separados aos visóns para a súa viaxe, camiño á liberdade. A autoestrada estaba pechada e con moito tráfico, e impedía aos liberadores abrir as gaiolas e soltar aos visóns. A noite comezou dando paso á temperá luz da mañá. O máis duro foi deixar a outros centos de visóns, así como a furóns e a lontras que sabíamos que pronto serían envelenados. Unhas horas máis tarde, nas beiras dun remoto lago, os dous visóns foron liberados e recibiron a súa última comida de mans dos humanos. Déuselles un coello atropelado na estrada e comida de gato rica en proteínas antes de que se lles soltase no seu hábitat nativo, onde desapareceron rapidamente polos matos do lago. De volta ao campus de MSU, nunha hora, o lume saía do Anthony Hall. Os 32 anos de investigación animal de Richard Aulerich desaparecían

por completo, así como máis de dez anos de investigación sen publicar de Karen Chou. Con este ataque final, os principais destinatarios e beneficiarios da Mink Farmer Research Foundation foron eliminados de forma efectiva e tiveron que abandonar a industria das granxas peleteiras dos EUA, que loitaba como nunca para sobrevivir. Nunca antes a ALF eliminara con tanto éxito o brazo de desenvolvemento e investigación da industria do abuso animal e da terra como o fixo coa MFRF. Tras esta acción da ALF, coa que facía unha ameaza efectiva á industria de investigación e de abuso animal e da terra, os guerreiros de todos os estados comezaron a sentir a chegada dunha onda de represión policial, ademais dun aceleramento nas medidas de aplicación das leis e da caza dos renegados da ALF.

7. Á CAZA DOS GUERREIROS DA ALF

Era unha fresca e brillante mañá de primavera en abril de 1992 no Val de Little Applegate, ao Sur de Oregón, cando eles chegaron. Descenderon as crestas dos outeiros e un helicóptero aterrou sobre a grava miúda da estrada escoltado por catro vehículos con matrículas do goberno. Nese momento, catro excitados axentes do ATF baixaron e correron cara á porta dunha cabana próxima. Sorprenderon á súa única ocupante, unha muller duns corenta e moitos anos. Nos coches aparcados había máis axentes do ATF que controlaban a estrada. Na procura de respostas, os axentes revisaron a casa da muller e investigaron as premisas que tiñan. Dixéronlle a aquela asustada muller que estaban buscando a Rod Coronado. Ela dixolles que se atopaban no lugar equivocado, que esa persoa vivía na outra beira do río nunha cabana agochada entre árbores. Os axentes achegáronse ata unha parte lonxana do río e atoparon a cabana, que estaba completamente baleira, soamente había unha pluma de falcón pendurada na porta.

A quince millas de Ashland, as antigas oficinas da Coalition Against Fur Farms - CAFF (Coalición en contra das Granxas de Peles) eran o primeiro obxectivo do acoso do FBI e do ATF. Despois do ataque á CAFF, o seu portavoz, Rod Coronado, comezou a falar en contra dos horrores das granxas peleteiras, xusto despois de completar unha investigación encuberta que culminara co rescate, rehabilitación e liberación de 60 visóns, 4 gatos salvaxes e 2 lincs canadenses dunha granxa de peles en Montana. Para desgraza de

Coronado e para a sorte da policía, el foi o único activista que apareceu ante as cámaras para apoiar a Operación Bite Back.

Os pais de Rod Coronado xa foran presionados desde 1991, con interrogatorios sobre o paradiro do seu fillo e sobre se organizara actividades ilegais desde a súa casa. Mentres tanto, os axentes do FBI levaran a cabo unha orde de rexistro na residencia dun antigo membro de PETA en Maryland, rexistrando caixas de papeis, mapas, material electrónico e outras cousas nas que o FBI relacionaba con ataques planeados pola ALF, así como recortes de prensa. Unha semana antes de que se executase o rexistro, un empregado de Federal Express (correos) deixou un paquete etiquetado cun número de conta caducado, e nas investigacións tamén se descubriu que a dirección do remitente era falsa. O paquete estaba coa dirección dun antigo membro de PETA. Dentro había unha cinta de vídeo na que aparecía a liberación de dous visóns da granxa de peles de experimentación da MSU así como probas con cabezas de lontras cortadas no laboratorio. O paquete tamén contiña vídeos roubados, diapositivas, e discos do computador da oficina de Richard Aurelich. Cando o FBI asaltou a casa do remitente do paquete, os axentes declararon descubrir unha das casas máis seguras da ALF, ademais de detectores nocturnos de infravermellos e plans suspendidos da ALF para liberar aos monos de Silver Spring, campaña pola que PETA loitara para conseguir a súa liberación legal durante dez anos.

No permiso de rexistro do FBI había unha lista descritiva de materiais e dispositivos incendiarios que foran atopados na OSU e na MSU. O FBI asegurou que, tal e como detectara no permiso de rexistro, Rod Coronado era o responsable do ataque da ALF á WSU. En setembro de 1991, un equipo composto por dous sospeitosos membros da ALF comezou a circular, despois de que os dous fosen vistos dentro e perto de Pullman (Washington), antes do ataque da ALF. Había unha recompensa pola súa captura de 35.000 dólares e a convicción de que aqueles dous eran responsables do ataque aos fornecedores da OSU e da NW, ademais dos ataques á WSU. Os Grandes Xurados Federais de Oregón, Washington e Michigan acordaran unir as súas evidencias para facer acusacións contra os membros da ALF.²

² Un Gran Xurado nos EUA pode enviar a prisión a persoas que unha vez chamadas a declarar néguense a dar información. Moitas participantes de loitas sociais diversas foron encarceradas durante anos por non testificar ante un Gran Xurado que esixía información sobre outras activistas

Os empregados de PETA que manexaran os recortes de prensa relacionados co ataque á MSU foron citados, así como os que aparecían en vídeos e fotos de PETA. Tamén foi citado o xornalista que entrevistara a Coronado sobre a Operación Bite Back. Cando Coronado decatouse de que o FBI quería interrogarlle a el, decidiu que era o momento de tomarse un descanso na súa loita anti-granxas, xa que non quería meterse nunha longa e custosa batalla legal.

Por aquela época, na primavera de 1992, outros voluntarios da CAFF comezaron a ser acosados por axentes do FBI e do ATF. Pouco despois, un almacén de Coronado en Ashland foi asaltado por axentes do ATF, quen clamou atopar evidencias que lle vencellaban cos ataques da ALF en Oregón e en Washington, así como outros intentos en Montana.

A través de escritos propios de Rod Coronado, nos que apoiaba a Operación Bite Back, así como outros sinais de presenza física, comezouse a construír un caso arredor del, ao tempo que a axencia interna decidía meterse pola forza coa ALF e continuar as investigacións doutros membros da Frente. As investigacións do FBI relacionaban a Coronado coa acción directa ilegal desde 1986, no tempo en que outra persoa e él afundiron en Islandia dous barcos baleeiros e destruíron unha planta de despezamento de baleas³. Desde entón, Coronado tamén fora arrestado en Canadá por destruír peleterías. Despois de saltar as fianzas, abandonou aquel país e regresou a EUA, ao lugar onde a ALF era máis activa, en California.

En pouco tempo, outros activistas pola liberación animal en California foron citados. Un deles era Jonathan Paul, un colega próximo a Rod Coronado e, que á súa vez, era un dos tres homes que foran acusados en 1990 en Oregón, pola súa relación co ataque da ALF á Universidade de Oregón en 1986. Jonathan Paul tamén era sospeitoso de numerosas accións da ALF en California, así como do derrube das liñas de electricidade durante o Earth Day de 1990. Paul tamén fora compañeiro nas investigacións de granxas de peles

ou sobre espazos de loita concretos.

³ Para ler un relato do propio Rod Coronado que narra a acción contra a industria baleeira en Reikiavik, Islandia, aconsellamos a lectura do texto “Afundir a frota: Unha sabotaxe á industria baleeira en Islandia” editado en galego pola Distribuidora Anarquista Polaris e dispoñible en Internet.

que axudaron a dirixir a Operación Bite Back. Foi sometido a fortes presións para que testificase no Gran Xurado do Estado de Washington, de forma que o goberno dos EUA agardaba conseguir información que lle conducise a outras acusacións contra outros sospeitosos guerreiros da ALF.

Cando Paul alegou a Quinta Enmenda e se negou a testificar, concedéuselle a inmunidade no xuízo; e cando despois aínda se negaba a testificar, foi encarcerado por mor dos cargos do xulgado. Quen cría que o encarceramento obrigaría a Paul a testificar equivocábase.

Paul entrou no cárcere e permaneceu seis meses coa boca pechada. O seu encarceramento foi considerado máis como un castigo que como unha obriga. No tempo no que Paul saíu do cárcere, o FBI centrouse en Rick Scarce, o autor do libro "Eco-Warriors", que contiña entrevistas a Rod Coronado e a outros membros da ALF. Scarce era profesor na WSU, e establecera unha amizade con Coronado, quen lle visitaba algunha vez na súa casa de Pullman. A compañeira sentimental de Scarce foi citada polo Gran Xurado, onde respostou algunhas preguntas sobre Coronado e sobre outros voluntarios da CAFF.

Pouco despois do ataque do ATF ás cabanas da CAFF en Oregón, os axentes de Customs, o FBI e o ATF tentaron de novo capturar a Coronado. En Puerto de Santa Cruz, California, o barco de Sea Shepherd para a protección dos mamíferos estaba preparado para iniciar a campaña contra a pesca de redes xaponesas. As autoridades norteamericanas, no medio dunha forte tormenta, obrigaron a parar os motores da embarcación. O ATF, o FBI e os axentes Customs dos EUA rexistraron o barco de forma inútil. O Sea Shepherd sería de novo rexistrado en British Columbia polas autoridades canadenses, axudadas por EUA na súa procura dos fuxitivos da ALF. Rod Coronado era un consumado voluntario da embarcación, fora visto no barco antes de que este partise a Los Ángeles rumbo a Santa Cruz. Máis tarde, a xerente da oficina do Sea Shepherd Marina del Rey sería acosada e citada pola súa sospeitosa relación con Coronado. Ela adquirira o coche de Coronado cando aínda estaba en Los Ángeles.

Por mor da información incautada na casa de Maryland dun antigo empregado de PETA no verán de 1992, o Gran Xurado decidiu investigar en Louisiana as pautas do plan suspendido de atacar o Delta Regional Primate Facility da Universidade de Tulane. A

finais de 1992, perto de trinta activistas foron citados, moitos deles para testificar sobre o seu coñecemento sobre a ALF.

O colectivo "Friends of Animals" en Connecticut, que financiara en cuberto a investigación da CAFF sobre granxas de peles nos EUA, cooperou totalmente coas autoridades. 1992 sería un ano lembrado como aquel no que ducias de activistas alternativos, así como moitos máis pola liberación animal e movementos ecoloxistas radicais viviron nas súas propias carnes a represión que o FBI e o ATF estaba a causar a aqueles que apoiaban a acción directa dos guerreiros da ALF e do Earth First! A pesar da intimidación, moitos activistas afectados pola "tormenta" non se deixaron amedrantar polos fascistas do goberno norteamericano na primavera do 93. Dous voluntarios da CAFF convertíronse no obxectivo do castigo federal. Deborah Stout e Kimberly Trimiew seguiron o camiño a prisión de Jonathan Paul. Rick Scarce ficaba neses intres no cárcere de Spokane, Washington, por negarse a testificar sobre a súa relación coa ALF e con Coronado.

Non só os activistas foron citados no Gran Xurado, tamén chamaron aos seus pais para declarar diante da Inquisición. Mentres tanto, os gobernos dos Estados e o Congreso loitaban por sacar adiante unha lexislación adaptada para aqueles que saboteasen na ALF e Earth First! Non pasou moito tempo para que todos os Estados que fosen visitados pola ALF tivesen a "lei de protección de industrias animais", segundo a cal calquera ataque da ALF debía ser considerado directamente como un crime castigado con grandes indemnizacións e ata dez anos de prisión.

En xullo de 1993, unha acusación federal no distrito Oeste de Michigan chamaba a Rod Coronado e acusáballe de incendio e de introducirse na MSU. En poucos días, a cara de Coronado aparecía na lista de "os máis buscados" polo FBI, o ATF e a US Marshall. A pesar de que o congreso e as leis sinalaban a ALF como unha forte e ben estruturada organización, as autoridades só podían construír o caso contra Coronado en relación coa súa historia e coa acción directa ilegal. A través da táctica de cazar ao peixe pequeno para logo coller ao grande, o goberno dos EUA planeara a estratéxica decisión de colocar todas as culpas sobre Coronado para que a evidencia xurdise e dirixise as acusacións cara a outros guerreiros da ALF.

Unha vez máis, as forzas de destrución que atentaban contra a Nai Terra e contra os seus fillos os animais puxeran un prezo á cabeza do guerreiro indíxena que loitara por defender os desertos e a vida salvaxe dos americanos nativos.

8. A DERRADEIRA DENTADA

A maioría da xente pensará que con catro grandes xurados, o FBI, o ATF e as forzas policiais da universidade investigando á ALF, ademais do Estado e o Condado, os guerreiros agocharíanse da lei para sempre. A ALF agochouse, pero non só da lei.

O sol púñase nun cálido día de outono, mentres tres figuras pasábanse entre si os prismáticos nunha ladeira dos bosques de Utah para observar o edificio de investigación do Departamento de Control de Animais Daniños para a Agricultura (ADC). O edificio estaba situado en Milville, xusto ao Sur do Campus da Universidade de Utah en Logan. Este é o maior lugar de vivisección de coiotes nos EUA. O obxectivo non é salvar vidas, senón acabar con elas.

Durante 65 anos, a ADC levou a cabo unha guerra contra a vida salvaxe axudada do apoio económico que recibe dos impostos. No Congreso de 1931, a ADC sinala na súa acta que "o Departamento de Agricultura está autorizado para fomentar os mellores métodos de exterminio, supresión ou control, en zonas públicas ou privadas de lobos, pumas, coiotes, gatos salvaxes, cans de pradería, etc. daniños para a agricultura ou para animais de granxa, para protexer ao gando e a outros animais domésticos". Desde a súa orixe, a ADC foi responsable do asasinato de centos de miles de osos negros, pardos, de raposos vermello, martinetes, de lobos grises, pumas, gatos salvaxes, linces, xaguares, visóns, alces, antílopes, cabras salvaxes, cervos de rabo negro e branco, búfalos e coiotes.

As tácticas inclúen cianuro sódico, cepos dentados, disparos aéreos, lazos para esganar, gaiolas trampa, gaseamentos en tobos, lazos para patas e unha multitude de venenos que adoitan matar a miles de especies que non son o "obxectivo". Todo iso para o beneficio da industria gandeira. O director das investigacións da ADC sobre a erradicación de coiotes é Frederick Knowlton, e á súa vez preside o Centro de Investigación de Depredadores en Millville, cuxa oficina central está na Universidade de Utah. O obxectivo das investigacións de Knowlton é controlar as poboacións mediante venenos, trampas e

rastreos utilizando isótopos radioactivos. Knowlton empregou os seus últimos trinta anos en contribuír directamente na morte de decenas de miles de coiotes.

No libro de rexistro de coiotes de 1960, Knowlton describía unha cacería aérea na que se mataron a dous coiotes que tentaban fuxir. Despois de descender a terra para recoller os corpos, Knowlton comenta que un deles só tiña dúas patas, xa que as outras dúas foran seccionadas por cepos. Nas mentes e no corazón do pobo coiote existe un demo, chámase Frederick Knowlton. A ADC foi deixando un rastro de destrución ambiental e animal durante anos. A mesma destrución da que foran vítimas os indios nativos de América estaba a padecela a vida salvaxe por culpa da ADC.

Mentres a guerra contra as peles se enfrontaba ás autoridades e aos granxeiros en extrema alerta vermella, nas Montañas Rochosas tiña lugar un consello da ALF para debater as seguintes campañas de guerrilla. Guerreiros de tres células distintas puñan de manifesto a necesidade de responder á represión cun aumento de accións en defensa da vida salvaxe, en lugar de agocharse. No consello, reunidos arredor da fogueira, pasáronse á luz do lume documentos que revelaban os experimentos de Knowlton. Doutra banda, coa policía federal por todas as partes, os ataques futuros debían levarse a cabo rápidamente. O noso número xa era demasiado reducido como para arriscar a perda dun só guerreiro. Mentres a lúa chea se puña sobre o campamento, cada guerreiro expresaba a súa opinión sobre o camiño cara a guerra ou a retirada.

Cando todos falaran, unha última voz recontou as xeracións de morte e destrución causadas pola ADC. Lembrou tamén o impacto que produciu sobre os pobos animais que un día camiñaron libres por estas terras. Escoitouse o canto dun coiote na distancia. O eco que produciu nos corazóns dos guerreiros fíxolles estremecerse. Decidiuse que o camiño a seguir ía ser a guerra. Como di un vello refrán inglés da ALF, "a decisión é tan importante como os feitos".

Ao mes seguinte, os membros da ALF dispersáronse en todas as direccións para recrutar guerreiros dispostos a participar neste ataque masivo. Mentres tanto, un grupo de activistas vestidos de camuflaxe acamparan en Utah, nas proximidades do edificio Predator Research Facility - PRF (Centro de Investigación de Depredadores), para pasar as noites observando os movementos de estudantes e investigadores. Durante unha das

primeiras noites escoitaron un ruído que se acabou facendo habitual. Cada noite, os coiotes salvaxes das montañas próximas cantaban as súas cancións nocturnas, a maioría dos oitenta coiotes engaiolados respostaban ao unísono con queixumes de corazóns partidos. A primeira vez que estes cantos penetraron nos corazóns dos guerreiros, bágoas de rabia e tristeza nubráronlles a vista a través dos prismáticos, mentres prometían vingarse polos coiotes que estaban a morrer nas gaiolas de abaixo.

No campus da Universidade de Utah, en Logan, uns guerreiros que se facían pasar por universitarios estudaban a zona da oficina de Knowlton, situada xusto a 40 metros da policía universitaria nun calexón sen saída. En outubro, os guerreiros xa estaban preparados para o ataque. Nun canón afastado do centro de investigación atopábanse reunidos dez guerreiros, cada un co seu informe nocturno. Catro levaban sudadeiras universitarias, mochilas e zapatillas de deporte, mentres que outros levaban bragas militares, chaquetas de camuflaxe e calzado e pantalóns de montaña. Os dous restantes levaban traxes de vestir normais. Eles eran os condutores.

Os guerreiros repartíronse os mapas topográficos e de rúas, metidos en bolsas herméticas impermeables, e colleron suficiente diñeiro por se había que dividirse en caso de fuxida. Os condutores interceptaron as conversas da policía. Ademais, todos os grupos estarían en contacto a través de walkie-talkies, e as noticias serían transmitidas entre os guerreiros en caso de necesidade.

Na equipaxe dun guerreiro había líquido para quitar a silicona dos cristais e dispositivos incendiarios para a oficina de Knowlton. Na doutro había cisallas, alicates para cortar arame e luvas grosas para os moitos buracos que terían que abrir nos valos e nas gaiolas dos coiotes. O guerreiro encargado de vixiar levaba uns prismáticos, un telescopio e un libro de astronomía, de modo que se era descuberto diría que só estaba a mirar as estrelas. Outra das equipaxes portaba outro dispositivo incendiario, pequenas lanternas con lente vermella e un xogo de ferramentas que se usaría para entrar ao edificio de investigación de depredadores (PRF).

Había algo novo nesta acción. Non era unha acción ofensiva, senón defensiva. Non só en beneficio dos coiotes, senón tamén dos guerreiros. O noso movemento estaba a ser

atacado e a liberdade animal e humana estaban en situación de risco. Esta acción era necesaria para demostrar aos nosos inimigos que a ALF non ía retroceder.

Lonxe de aí, na cidade, o ATF e o FBI traballaban vigorosamente a contrarreloxo para impedir a posible ameaza dunha acción como a que ía ter lugar. As longas noites de recoñecemento fixeran que os guerreiros se sentisen emocionalmente vencellados aos coíotes engaiolados. Ao aire libre, moitos deles naceran na natureza e puideran gozar dunha liberdade que o resto non puidera experimentar. Cada noite os guerreiros escoitaban os seus prantos, e algunhas veces podían ver coíotes que non eran alimentados durante catro días, para forzalos así a tomar o alimento envelenado que lles daban logo.

Na zona podíanse ver reformas innecesarias que fixeran para xustificar os fondos que recibían. Se unha axencia do goberno non gasta todos os fondos que se lle asignan, ao ano seguinte asignaráselle menos diñeiro. Un día púidose ver a Knowlton en persoa dirixindo as obras, mentres os coíotes daban voltas en círculo dentro das gaiolas próximas a el.

O noso ataque centrárase no edificio e no recinto exterior, onde mantiñan máis de corenta coíotes. Había outra zona con gaiolas nas que había polo menos corenta coíotes máis, pero estaban demasiado perto da casa do vixiante nocturno. Quizais se non estivesen en alerta debido ás últimas accións da ALF o risco sería menor. Pero nestas circunstancias suporía poñer en perigo toda a acción e a súa parte máis importante: a destrución do edificio. Nel, facilmente podían volver meter novos coíotes, así que non se podían correr demasiados riscos.

Na maioría das accións da ALF, os sentimentos de alegría adoitan diluírse pola rabia e a frustración de ter que deixar animais atrás. Pero se a nosa acción acababa ben, a destrución do laboratorio, xunto coas investigacións de Knowlton traduciríase en innumerables vidas salvadas que ían ser usadas para os experimentos da ADC.

No campus universitario tamén tentamos atacar a oficina de Knowlton, diante do nariz da policía universitaria. A noite do 24 de outubro, dous ciclistas ataron as súas bicicletas no aparcadoiro do campus e dirixíronse á oficina da policía, perto do patio que daba á oficina de Knowlton. Nunha das mochilas había unha radio conectada a un escáner co que un terceiro vixiante interceptara a frecuencia da policía. Colocáronse nunha boa perspectiva

da sala policial, un activista levantou o pulgar e outro entrou ao patio sen saída e dirixiuse á xanela exterior da oficina de Knowlton.

Despois de poñer un mono escuro, o activista quitou o marco de aluminio da xanela, apoiou o cristal sobre o seu corpo e utilizou a ventosa para quitalo. Nunha misión previa de recoñecemento, un "estudiante" golpeará o cristal coa suficiente forza como para poder activar calquera alarma que houbese. Despois afastouse esperando unha resposta. Non a houbo. A xanela non tiña alarmas. Tras quitar o cristal, o activista meteu con coidado a súa mochila e entrou. Sacou da súa mochila todo o material do dispositivo incendiario e encheuna con discos e con documentos de Knowlton. Despois amontoou cadernos, libros e outros materiais combustibles na mesa, onde estaba preparado o momento para activar o dispositivo. O guerreiro colocou as pilas de nove voltios, axustou as pezas e observou que todo estaba correctamente. Botou unha última ollada á oficina dun home cuxa carreira profesional estaba baseada no exterminio dunha especie.

Non se recibiu ningunha voz de alarma pola radio walkie-talkie. Só trinta e cinco minutos despois de entrar na oficina o activista fuxiu cos discos e outros documentos. Tras quitar o mono, pasou pola posición do vixiante, a só trinta metros da oficina da policía. Os dous guerreiros camiñaron cara as súas bicicletas e desapareceron na noite.

Mentres a oficina de Knowlton era visitada, seis guerreiros avanzaban en ringleira a través dun claro do monte que chegaba ata o valo do edificio de Investigación de Depredadores, tamén cara a onde estaban as gaiolas con coiotes. O ceo estaba cheo de estrelas. Mentres os guerreiros achegábanse ao valo máis afastado, o vixiante dirixíase a unha costa, onde establecería contacto con outro vixiante no vehículo que collía e deixaba aos pasaxeiros. Despois de subir a ladeira, o vixiante podía observar todos os camiños que conducían á ADC, así como a casa do traballador que vivía aí e as gaiolas dos coiotes. Abaixo, cinco guerreiros agardaban a que o sexto acabase de abrir un buraco no valo exterior para poder entrar. Unha vez dentro, os guerreiros dividíronse en dous grupos, un liberaría os coiotes mentres o outro saquearía o laboratorio.

Dous guerreiros achegáronse ao PRF. Tras saltar o último valo, os activistas estaban metidos ata o fondo no recinto da ADC, e a un tiro de pedra da xanela do traballador que

durmía alí. Fíxose unha proba de alarma nunha pequena xanela dun baño para comprobar que era segura. Agora os guerreiros estaban aí, quitando a estrutura e o cristal.

Facíase demasiado ruído para continuar neste punto, así que os guerreiros estudaron outras vías de entrada máis silenciosas. De súpeto, coma se se puxesen dacordo, os coiotes comezaron a ouvear e a chorar, cun son o suficientemente alto como para poder sacar o cristal do marco.

Ao entrar alí, os guerreiros atopáronse con ducias de caveiras de coiotes, cepos e carteis de "non dar para comer" fora do baño do laboratorio. Gateando, un guerreiro foi directo ao centro estrutural do laboratorio; mentres o outro reunía máis discos do computador e diapositivas. Os dous guerreiros poderían pasar horas recollendo documentos do centro, pero o tempo non lles sobraba. Despois de que as cintas roubadas en Michigan fosen recuperadas e enviadas a lugares seguros, decidiuse non soamente facerse coa investigación do PRF, senón tamén destruíla.

Colocouse o dispositivo incendiario entre unha pila de trampas, así como papeis do escritorio e outros materiais de madeira. Os guerreiros activaron o dispositivo e saíron rapidamente do edificio. O dispositivo incendiario do PRF estaba programado para acenderse ao mesmo tempo que o da oficina de Knowlton.

Os dous guerreiros regresaron en silencio aos currais dos coiotes e reagrupáronse cos outros tres para facer xuntos os buracos. Cada un dos guerreiros levaba unhas cisallas, e emocionados observaban como os coiotes achegábanse ao valo e escavaban ao tempo que eles a cortaban, só a poucos centímetros dos coiotes nun intento evidente de acelerar a súa liberación. Os coiotes saían do curral polos buracos, rápidos en seguirse os uns aos outros para dirixirse cara ás montañas, onde podían escoitar aos outros coiotes que lles chamaban.

Á vez que os cinco guerreiros cortaban valo tras valo podían verse grupos de dous ou tres coiotes que escapaban do curral e corrían cara a liberdade. Cando se baleirou o último curral, os guerreiros regresaron en ringleira cara aos outeiros. Nese momento, xuntáronse de novo co vixiante no punto no que acordaran para que o condutor os recollese, así que os seis guerreiros andaron silenciosamente cara ao mesmo camiño polo que entraran. O

ceo estaba moi estrelado, escoitábanse os cantos dos coiotes que desaparecían polas montañas salvaxes.

Coa primeira luz do amencer no ceo nocturno, os dispositivos incendiarios desencadeábanse tanto na oficina de Knowlton da Universidade de Utah como no PRF. No campus, non pasara moito tempo antes de que a policía se decatase do fume que saía do Edificio de Recursos Naturais e apagase rápidamente o lume, pero non sen deixar que anos de investigación desaparecesen no incendio. A propia auga dos bombeiros causara moitos destes danos. Á vez que no campus os bombeiros extinguían as chamas da oficina de Knowlton, chegou a chamada do vixiante para informar de que o PRF estaba en chamas. Cando os bombeiros chegaron á instalación máis da metade do laboratorio estaba totalmente destruído. Unha semana despois, determinouse que toda a estrutura era insegura e o laboratorio demoleuse por completo. En xaneiro de 1993, Fred Knowlton aínda pedía aos comisionarios de Planificación do condado que lle concedesen un edificio provisional para construír un novo laboratorio. Todas as investigacións do Centro de Investigación sobre Predadores da USDA chegaran ao seu fin.

Para botar máis leña ao lume, a ALF acusou a Knowlton de verter cheas de cadáveres de coiotes contaminados con elementos radioactivos nuns experimentos en Novo México. Cando el negou a acusación, a ALF facilitou un informe de investigación coa propia memoria que Knowlton enviara a outro investigador, na que admitía que non obtivera o permiso necesario antes de enterrar os cadáveres, suxeitos das súas investigacións.

Mentres tanto, nunca se recuperarían os trinta e tres coiotes, e os investigadores foron rápidos en expresar a súa preocupación porque estes animais non sobrevivisen na natureza. Escapando das cámaras de tortura do laboratorio de Knowlton, aquela noite os coiotes fuxtivos non verían seis figuras baixar polo camiño da montaña, senón que verían seis guerreiros que non se esqueceron dos seus irmáns e irmás de catro patas. Días despois, nunha remota e agochada fogueira de vitoria ardían, do mesmo xeito que o facía a oficina de Knowlton, os discos do computador que a ALF confiscara do seu laboratorio. Unha vez máis, a ALF demostrara que o que non puidera ser alcanzado durante anos de protesta conseguíuse cun feixe de guerreiros con corazóns valentes. Agora era o momento de agardar a que outros seguisen o noso camiño.

9. OPERACIÓN BITE-BACK // EPÍLOGO

Despois das cinzas do PRF chegaron as represalias do FBI, así como os esforzos doutros grupos de interese que organizaron os vivisectores e os granxeiros para esixir a fin dos ataques da ALF sobre os seus negocios. Dúas semanas despois do ataque en Utah, Jonathan Paul foi arrestado por desacato a catro cargos de non facilitar información aos Grandes Xurados Federais que se conveñeron en Oregón, Washington, Michigan, Louisiana e Utah, todos á caza dos guerreiros da ALF. Pouco despois de que Paul fose posto de novo en liberdade, Rick Scarce ocupou o seu lugar. Cando Scarce saíu tamén coa boca pechada, seguíronlle Deb Stout e máis tarde Kim Trimiew. Era o método que os investigadores empregaban nos procesos do Gran Xurado para intimidar aos activistas e para que desen información sobre a ALF, xa que existían escasas evidencias físicas para acusar a outras persoas a maiores de Rod Coronado.

Podía dicirse que se estaba empregando ao Gran Xurado para acosar un movemento político, pero con ataques da ALF como a Operación Bite Back o goberno federal podía lexitimar a súa caza de bruxas como investigacións de "seria actividade criminal". As autoridades dos EUA comezaron a cooperar coas autoridades canadenses que estaban a levar a cabo as súas propias investigacións sobre a ALF, despois de que 29 gatos fosen rescatados da Universidade de Alberta. Un dos activistas que apoiou aquel ataque testificara logo en contra da ALF, e pronto se emitiu unha orde de busca e captura de David Barbarash, un coñecido e antigo membro da ALF, así como de Darren Thurston, outro activista da ALF. A principios de 1994, David Barbarash foi capturado en Scotts Valley, California, cando abandonaba a casa de Jonathan Paul. Paul, un coñecido colega de Rod Coronado, estivera baixo vixilancia federal desde que saíra do cárcere. Barbarash foi pronto extraditado a Canadá para enfrontarse aos cargos da ALF en Alberta. Pasaría arredor de 20 meses no cárcere polos seus "crimes" de rescatar a gatos destinados á morte en mans dos vivisectores, como o faría Darren Thurston. Sería agradable crer que en 1993 e 1994 os guerreiros da ALF foron acollidos por xente de liberación animal e outros movementos ecoloxistas radicais cando o Goberno Federal ía á súa caza, pero ese non era o caso. Mediante o acoso, a presión e o encarceramento de activistas inocentes o FBI levou a cabo unha exitosa campaña contra a ALF e os seus seguidores. Moitos activistas

estaban a comprobar as consecuencias de apoiar á ALF, e un por un estábanse volvendo inseguros e medorentos de ofrecer axuda aos activistas da ALF que estaban en busca e captura. Do mesmo xeito que nas clásicas tácticas de división e conquista, o Goberno dos EUA castigaba os lexítimos movementos pola liberación animal e outras loitas, así como a activistas de Earth First! coa intención de poñer a toda esa xente en contra da ALF. Este método tivera éxito con outros movementos de resistencia en contra das políticas estadounidenses. Só sería cuestión de tempo que a presión exercida sobre os seguidores da ALF, sobre os activistas e as súas familias sacase á boia información que conducise ao arresto dos guerreiros da ALF.

10. A CAPTURA DE ROD CORONADO.

O 28 de setembro de 1994, Martin Rubio estaba a alimentar os seus animais na Reserva India dos Pascua Yaqui, nos arredores de Tucson, Arizona, cando un coche de policía se detivo en fronte da súa casa. Un oficial de etnia caucásica achegouse a Rubio e pediulle que o acompañara para auxiliar a un falcón de cola vermella que atoparan ferido e que estaba na estación de bombeiros. A súa petición non era estraña, xa que desde que Rubio chegara á reserva facía dous anos, participara en moitos proxectos comunitarios e o seu compromiso cos animais era moi coñecido. Ao entrar na estación de bombeiros da Reserva, uns doce axentes do FBI, do ATF e de US Marshalls asaltaron a Rubio. Rod Coronado fora capturado. Etiquetado como "armado e perigoso", a pesar de que unha investigación do ATF revelara que non posuía ningunha arma de fogo. Coronado estivera vivindo pacificamente coa tribo das súas orixes. Organizaba actividades para os mozos da súa comunidade e participaba na organización alternativa Student Environmental Action Coalition (Colectivo Estudantil de Acción Ecoloxista) e en grupos polos dereitos humanos, así como en proxectos para preservar a cultura da tribo Pascua Yaqui.

Unha chamada anónima permitiu á policía a captura de Coronado. Os donos de granxas de peles, taxidermistas, cazadores de caza maior e vivisectores ofreceran 22.000 dólares ao chivato. A liberdade baixo fianza foi rexeitada, e durante a primeira semana de novembro Coronado foi extraditado a Michigan para entrar nunha dobre acusación relacionada coa acción da ALF na MSU. Os seus propios escritos e entrevistas foron as probas empregadas para acusar a Coronado, aparecidas nas noticias e nas que expresaba o seu

apoió á Operación Bite Back. Tamén se empregaron gravacións das súas conversas telefónicas e un recibo da Federal Express, atopados nunha caixa que había na oficina do viviseccionista da MSU, Aulerich, da cal se roubaron documentos de investigación. As análises de escritura tamén apuntaban a que as palabras escritas na etiqueta coincidían coa letra de Coronado.

A principios de decembro, a Coronado concedéuselle unha fianza, despois dunha longa batalla xudicial cos avogados dos EUA, o FBI e os axentes do ATF, na que a acusación pedía que permanecese detido, baseándose no feito de que era un fuxitivo de alto risco e aínda fuxitivo da xustiza por realizar accións ilegais noutros tres países, Canadá, Islandia e Dinamarca. A súa fianza fixouse na increíble cifra de 650.000 dólares. Xusto antes da súa posta en liberdade da custodia federal, ofrecéuselle a Coronado un acordo por parte do fiscal no que se lle propuñan os mínimos cargos menores por un crime dun máximo de 18 meses de sentenza. A condición era aceptar testificar contra a persoa que o enviou a Michigan a actuar como parte da ALF para roubar materiais. Coronado rexeitou rotundamente a oferta e máis tarde foi posto en liberdade baixo fianza. Nun mes, púxose en marcha unha acusación suplantada de sete cargos que o acusaban de organizar toda a campaña da Operación Bite Back, a pesar de que o FBI e o ATF sabían que moitas outras persoas tiñan participado. O acusador federal pensou que se todo o peso da acusación caía sobre Coronado, probablemente veríase coaccionado a testificar para librarse dunha condena de entre 10 e 12 anos de cárcere se se demostraba a súa culpabilidade.

Outra das probas era un papel mecanografiado feito trizas que se atopou no trasteiro de Coronado en Oregón e que, ao reconstruílo, viuse que era unha petición de fondos para levar a cabo ataques da ALF. Esta era a máis incriminatoria. Tamén se empregaron cintas con conversas telefónicas de Coronado que lle situaban perto dos lugares atacados durante os 39 días das accións. Ademais, os investigadores federais descubriron as pegadas dixitais de Coronado nun museo baleiro do que se roubou un xornal da sétima Cabalería do Campo de Batalla de Little Bighorn. Tras o roubo, un comunicado de prensa pedía a devolución dos obxectos sacros expostos e tamén se colocou no museo un cartel que informaba da perspectiva indíxena do "Custers Last Caset". A acusación ameazou con iniciar outro proceso con cargos separados en Montana. Os cargos tamén pretendían usar unhas probas de ADN da saliva de Coronado atopada nunha cabicha de cigarro que se

usou nun dispositivo incendiario -para retardar o incendio- que non funcionara na Fur Breeders Co-op (Cooperativa de criadeiros de animais de peles) en Sandy, Utah, en setembro de 1991.

O caso xudicial tería lugar no distrito Oeste de Michigan, o que significaba que os membros do xurado pertencerían ás zonas da periferia agrícola, especialmente a barrios de brancos acomodados. A acusación federal decidira xulgar a Coronado en Michigan, lonxe da zona oeste dos EUA, onde se consideraba que os xurados eran demasiado liberais, e tamén lonxe de Washington, onde o FBI e o ATF estaban a ser duramente criticados por asasinar nese estado a Vicky Weaver e ao seu fillo, Ruby Ridge, nunha redada levada a cabo polos oficiais de ambos corpos.

O dilema de Coronado era que se ía a xuízo tería que dar ao xurado unha razón convincente de por que escribira unha carta na que pedían fondos para financiar ataques a granxas peleteiras e por que sempre estaba perto dos lugares atacados pola ALF xusto antes das accións, á vez que afirmase e testificase, mentindo descaradamente, que non era un membro da ALF. Tamén sabía que, sen dúbida, a acusación ía preguntar sobre a súa relación con outros activistas. Calquera negación de feitos, coñecidos xa polo FBI, podería custarlle máis cargos, e ademais facilitaría información ao Goberno que podería ser utilizada para acusar a outras persoas. Coronado sempre sentiu a obriga de aceptar a responsabilidade das súas propias accións. A historia da resistencia indíxena e o movemento ecoloxista nos EUA ensinaron a Coronado a non agardar nunca xustiza por parte dun sistema xudicial que favorecía ás grandes empresas e á propiedade privada por encima do medio ambiente, os animais e os indíxenas. Un indíxena americano, xulgado por un xurado cuxos compoñentes eran todos brancos, e que lle xulgaban por delitos que se negaba a condenar, facía case seguro que o cárcere fose o seu destino. Sen mencionar o risco de que chamasen a testificar a outros activistas, o que supoñería un cebo para conseguir información e tería como consecuencia novas sentenzas sobre xente sospeitosa de pertencer á ALF. Mentres tanto, a industria agrícola e biomédica pedía a cabeza de Coronado para que servise como advertencia para outros guerreiros da ALF que permanecían en liberdade. Os avogados da acusación que levaban o caso tiñan como principal obxectivo a condena de Rod Coronado, esquecéndose dos outros casos que tiñan ata que o conseguisen. Foi neste momento cando a acusación, unha vez máis, informou a

Coronado de que se testificaba en contra doutros membros da ALF recibiría unha sentenza máxima de 18 meses, da cal só tería que cumprir 8 meses, e esqueceríanse de todo. Coronado volveu rexeitar o trato. No seu lugar, comezou negociacións co fiscal para evitar ir a xuízo. Estaba disposto a testificar sobre o seu propio papel na ALF, pero negábase a incriminar a outros. En marzo de 1995 asinou un acordo no que Coronado recoñecía culpable de dous cargos, por incitar e participar no incendio da MSU, así como por recibir os materiais roubados da acción. Tamén recibiu un cargo pola destrución e roubo dunha propiedade do Goberno, o xornal da Sétima Cabalería. A cambio, foi absolto de calquera acusación federal daqueles Estados que estaban a levar a cabo investigacións sobre a ALF e acordouse que nunca sería citado, preguntado ou acusado por cargos relacionados coa Operación Bite Back. Unha parte específica do pacto consistía en que non se lle pediría testificar contra outros activistas.

Algúns activistas dentro do movemento pola liberación animal non tardaron en criticar a Coronado por evitar ir a xuízo, xa que isto podería dar moita publicidade á ALF. Outros, incluídos moitos ingleses que apoiaban á ALF, crían que Coronado debía testificar algo breve e sen comprometer a ninguén, para así obter unha sentenza pequena. A moitos pareceulles fácil dicir o que Coronado debía facer, pero poucos de nós podemos dicir o que faríamos en caso de enfrontarnos a unha sentenza que podería custarlle ata 12 anos de prisión. Non hai dúbida de que Coronado demostrou que é moito máis útil para a terra e para os animais fóra do cárcere que nela. Calquera persoa que se dispoña a criticar a Coronado debería preguntarse primeiro a sí mesmo por que non apoiaron á ALF durante a Operación Bite Back, por non falar de por que non participaron entón ou agora en accións da ALF. Moitos dos que pertenciamos á ALF sabíamos que o único que separaba ao FBI do ATF era a falta de vontade de Coronado para testificar sobre o seu papel con outros membros da ALF. A razón pola que os avogados do Estado centráronse tanto neste caso non era porque pensasen que el era o responsable da Operación Bite Back -había probas físicas que evidenciaban que el só era un dos integrantes-, senón porque pensaban que Coronado estaba disposto a dar voz a un movemento que neses momentos ameazaba ás multimillonarias industrias da explotación animal e da destrución da terra, a través duns medios sobre os cales o Goberno dos EUA non tiña ningún control.

O 2 de agosto de 1995, Coronado foi sentenciado a 57 meses na Prisión Federal, fronte a unha sala do tribunal chea de vivisectores e axentes do FBI e do ATF, despois de que o xuíz escoitase o devastador impacto que a ALF tivera no gremio da experimentación animal. O xuíz comparou a Coronado con aqueles que fixeran explotar as bombas na cidade de Oklahoma. A pesar de que coñecía a "rehabilitación comprobada" de Coronado durante os dous anos de servizo social na Reserva Pascua Yaqui, o xuíz sinalou que era necesaria unha dura sentenza para que servise de exemplo e de disuasión a aqueles dispostos a romper as leis por aquilo no que crían. O xuíz negouse a concederlle a Coronado unha sentenza pequena, baseado na súa propia idea de responsabilidade, polo feito de que o acusado se negaba a cooperar coas forzas de aplicación da lei. Este feito en concreto supuxo que Coronado tivese que cumprir 18 meses adicionais. Ademais dos catro anos e medio de prisión, o xuíz ordenou a Coronado pagar de inmediato 2,5 millóns de dólares de indemnización ás vítimas da Operación Bite Back. Para facer aínda máis dano, os avogados do Estado escribíronlle unha carta para Coronado dous días despois da sentenza preguntándolle por que estaba disposto a protexer a membros do movemento pola Liberación Animal que nin sequera lle mostraron o seu apoio na sentenza. As únicas persoas que acudiron á sala do tribunal para apoialo foron os seus pais, membros da Tribo Pascua Yaqui e de People of Colour Caucus (Xente de Cor Caucásico), pertencente á Student Environmental Action Coalition (Coalición Estudantil de Acción Ecoloxista). Aínda así, Coronado rexeitou esta última oferta e ata 1999 foi un prisioneiro de guerra do Goberno dos EUA, o cal continuaba a súa guerra contra a natureza e os animais. O 2 de setembro, Coronado entregouse á Prisión Federal de Safford, Arizona, e converteuse no primeiro guerreiro da ALF, na historia dos EUA, en ser condenado a unha Prisión Federal por levar a cabo accións en beneficio da terra e dos animais.

11. ATA QUE A DERRADEIRA GRANXA DE PELES SEXA CINZAS...

En setembro de 1995, os donos de granxas de peles e os axentes federais enchíanse de satisfacción co comezo dunha longa sentenza de cárcere para o coñecido guerreiro da ALF, Rod Coronado. Presumindo de que a columna vertebral fora desartellada, os axentes

do FBI e do ATF alardeaban de que, desde que Coronado fora arrestado, a ALF realizara moi poucas ou ningunha acción contra a industria peleiteira.

Os detectives federais marcháronse a Syracuse, Nova Iork, para arrincar de raíz unha célula da ALF que estaba a crecer alí. Tiveron moi pouco éxito con esa rede local de mozos activistas comprometidos. O ATF enviara unha mensaxe a través do avogado de Coronado en Michigan para informar de que as tácticas exitosas da Coalition Against the Fur Trade -CAFT (Coalición Contra o Negocio das Peles) en Memphis, Tennessee, estaban baixo vixilancia. A súa posición de compromiso total na loita contra o comercio das peles e o seu indubidable apoio á ALF convertéaa no mesmo tipo de ameaza que a Coalition Against Fur Farms (CAFF) de Coronado a principios dos noventa.

Ao contrario do que o FBI desexase que a xente pensase, a ALF estaba de calquera modo menos morta. Como fénix resucitado das súas cinzas, a ALF atacou catro granxas de peles para liberar a raposos e visóns das súas gaiolas no inverno de 1995, tempada peleiteira na que os animais son asasinados e despelexados. En outubro de 2004, 2.400 visóns foron liberados na granxa de visóns de Dargatz, en Chilliwack, British Columbia. Os visóns marcháronse aos bosques dos arredores. Era a primeira gran liberación en Norteamérica reclamada pola ALF. En menos dun mes, a ALF atacou de novo. Esta vez liberaron a 4.000 visóns da granxa peleiteira de Rippin, en Aldergrove, British Columbia, a pesar de que, debido á primeira liberación, os granxeiros da zona contrataran a unha empresa de seguridade que patrullase o lugar. Como aínda non terminaran o traballo para axudar aos seus iguais de Canadá, os guerreiros da ALF americanos deron o golpe nos arredores de Olimpia, Washington, coa liberación nesa mesma semana de 200 visóns da granxa de Clarence Jordan. Estes mesmos guerreiros eran perseguidos desde o ano 91. A finais de 1995, tamén foron liberados das súas gaiolas 30 raposos dunha granxa de peles de Tennessee.

Pouco despois dos ataques, a Canada Mink Breeders Association (Asociación de Criadores de Visóns de Canadá) ofreceu unha recompensa de 50.000 dólares a aquela persoa que dese algunha información que permitise levar ao cárcere aos activistas da ALF. Moitos dos visóns liberados foron recapturados, pero aínda así varios centenaes lograron escapar. Os danos económicos causados nas granxas de peles non só se miden pola perda

de visóns, senón tamén pola confusión causada cando os sementais mestúranse con aqueles animais que van ser asasinados e despelexados. Unha vez que un visón saíu da súa gaiola é case imposible distinguilo dos demais. Deste xeito, pérdense anos de cría selectiva e o granxeiro ten que comezar de novo a separar os visóns que servirán para a cría, en función das características da súa pelame e da calidade da súa pel. Ademais, os ataques leváronse a cabo poucos días antes de que comezase a tempada de "despelexamento", unha tempada decisiva para manter ou afundir unha granxa de peles. Os granxeiros aseguraron que os visóns criados en granxas tiñan moi poucas posibilidades de sobrevivir en liberdade, pero o certo é que practicamente todas as poboacións de visóns de Islandia e Inglaterra proceden de visóns escapados de granxas de peles. Tamén en América, en Escandinavia e na Unión Soviética, as poboacións de visóns salvaxes teñen a súa orixe en visóns que, por descoido, lograron escapar das granxas. No acto máis puro de liberación animal e protección do medio ambiente, os activistas de Norteamérica poden golpear duramente a industria peleiteira ao mesmo tempo que axudan a reintroducir un depredador nativo, cuxa poboación foi reducida, de novo no seu hábitat natural.

O ano 1996 comezou con outra acción da ALF na granxa de Bob Zimbal, nos arredores de Seboygan, Wisconsin, esta vez coa liberación de 200 visóns reprodutores.

Tras a acción de xaneiro, xusto antes de comezar a tempada da produción de pel de visón, a Comisión Peleteira dos EUA subiu a recompensa a 70.000 dólares para aquel que achegase información que permitise encarcerar a activistas da ALF, tanto en Canadá como nos EUA. Sen sentirse intimidados pola nova investigación internacional sobre a ALF, nin pola recompensa de 70.000 dólares, os guerreiros atacaron outra granxa de visóns en abril de 1996 e liberaron a 3.000 visóns das súas gaiolas, dos cales máis de 1.000 conseguiron librarse de ser recapturados. Esta vez era a granxa de peles de LW Bennet and Sons en Ontario County, Nova Iork.

Desde o ataque, os granxeiros de peles afirmaron que a ALF leváralles ao bordo da bancarrota e que ían ter que despedir varios traballadores. A industria peleiteira canadense e estadounidense subiu a súa recompensa ata 100.000 dólares para capturar a xente da ALF, unha cantidade cinco veces maior que a que se ofrecía para capturar a violadores, asasinados ou pederastas. Pero a loita continuaba. En xuño de 1996, no quinto aniversario da

Operación Bite Back, os guerreiros da ALF voltaron á Utah Fur Breeders Cooperative (Cooperativa de Criadores de Animais de Peles en Utah) e liberaron a 75 visóns que eran obxecto dunha investigación sobre nutrición nas instalacións de Sandy, Utah.

Conforme pasaron os anos 90, a ALF continuou sen amosar signos de debilidade, xa que cada vez cansábanse máis dos medios reformistas, menos efectivos para terminar con esta industria tan cruel. Catrocentos anos de morte e destrución xa eran suficientes.

Actualmente quedan menos de 500 granxas de peles nos EUA, e agora, máis que nunca, a acción directa da ALF é probablemente a táctica máis efectiva para pechar os seus negocios. O que queda por ver é se os movementos ecoloxistas e pola liberación animal, alternativos e radicais, serán o suficientemente valentes como para facer fronte á represión policial, aquela que xorde nos movementos que demostraron ser unha ameaza de verdade para aquelas empresas que se lucran coa destrución do planeta e da vida salvaxe que o habita. Claramente, a mensaxe que manda a ALF é a mesma que apareceu nun comunicado polo ataque á Granxa de Experimentación de Peles da OSU fai cinco anos.

12. CORAZONS VALENTES... ADIANTE!

Ano 1996. Considérase un crime liberar a animais dos laboratorios, de granxas de factoría, de granxas de peles, de zoos e de rodeos. Castigos de ata dez anos de cárcere, multas de ata 100.000 dólares. Se colles un visón dunha granxa de peles e o soltas para devolvelo ao seu hábitat natural, serás un terrorista cunha recompensa de 100.000 dólares sobre a túa cabeza. Benvido a un país no que os políticos son comprados, no que os propósitos do Departamento de Xustiza os deciden os dólares das grandes empresas e compañías das maiores industrias estadounidenses, que son a alimentaria, a farmacéutica, a militar e a da construción. Son negocios cuxa resistencia se basea na destrución da terra e a explotación animal. A terra, os animais e os humanos, todo son meras mercadorías neste mundo "libre".

Guerreiros! Chegou o momento de dar un paso adiante, tede valentía, actuade desde os vosos corazóns e non permitades que o medo que os nosos inimigos lle poden facer aos nosos corpos físicos detéñanos de facer o que sabemos que é o correcto. Chegou o momento de que deixes de sinalar co dedo aos demais, criticando rapidamente os erros

que cometen no seu camiño de loita. Facede un cambio nas vosas propias vidas, non tentedes cambiar as dos demais. O verdadeiro cambio prodúcese desde dentro, non é algo que se pode alcanzar mercando camisetas ou poñendo adhesivos no teu coche, o cal para funcionar destrúe a capa de ozono e emprega gasolina testada en animais.

Difundir unha idea está ben, pero é necesario que haxa guerreiros dispostos a participar nesta batalla de defensa do que queda da terra e dos animais. O feito de que hai moita, pouca ou nada de xustiza para a terra e para os animais non debería sorprenden a ninguén que coñeza a historia dos EUA. Aínda así seguimos traballando duro, coa esperanza de que lograremos raspar unhas pobres migallas por medio de reformas legislativas ou da compaixón das corporacións. A historia móstranos que o único que se conseguiu con isto é que se lle colocase un arnés ao espírito de resistencia, de modo que o consumo de produtos "politicamente correctos" fíxese aos nosos inimigos máis ricos e poderosos. Outorgar o poder a aqueles que se declaran líderes dos nosos movementos e que reciben altos salarios, ao mesmo tempo que se comprometen coa terra e cos animais aos que aseguran representar. Cando nós, como guerreiros, nomeámonos gardiáns de todo aquilo que é natural e libre, aceptamos a responsabilidade, a responsabilidade de actuar en beneficio da terra e dos nosos parentes non humanos coma se da nosa propia carne e sangue se tratáse. Non buscamos un vivisector coa amigable agulla dunha "morte compasiva". Non medimos as nosas vitorias en función da extensión das columnas sobre o movemento que aparecen na prensa, controlada polas corporacións, senón polo noso compromiso en asegurar que aqueles aos que rescatamos e aquilo que defendemos sexa protexido dos nosos inimigos, poñendo nosos propios corpos e nosa propia liberdade como escudo se é necesario. Non difamemos a aqueles que sacrificaron a súa liberdade e arriscaron as súas vidas polo feito de que as súas ideas non coincidan coas nosas. Nós temos un gran respecto, non só cara a nosa Nai Terra e os seus Animais, senón tamén entre nós. Somos guerreiros. A retagarda que debe defender aos débiles, aos enfermos e aos sen voz, a aqueles que non poden defenderse por si mesmos do demo no que moitos humanos convertéronse. Somos poucos, e non podemos permitirmos a división polas ideas cando todos estamos dispostos a arriscar as nosas vidas e liberdade pola terra e polos animais. Do mesmo xeito que as nacións indíxenas desta terra, que a miúdo loitaron en conxunto, o mesmo ocorreu cando a ameaza contra a terra situouse sobre nós. Debemos

deixar de lado as nosas diferenzas e concentrarnos no inimigo común que compartimos. Igual que moitas tribos, que eran distintas unhas doutras, pero que, con todo, todas tiñan en común unha gran reverencia e respecto pola Nai Terra, tamén nós debemos recoñecer as nosas diferenzas e elixir coidadosamente con quen queremos vivir e loitar. Do mesmo xeito, tamén debemos unirnos nunha forza poderosa e ingobernable cando o inimigo está fronte a nós e presenciamos o crime da explotación animal e a destrución da terra. Nosas ordes proveñen da nosa creadora, e necesitamos atopar solucións aos problemas que nos dividen, e unirmonos para conseguir as vitorias nas que todos cremos.

Debemos ser conscientes de que vivimos nun estado no que reina unha lei material onde a información está controlada, ata tal punto que probablemente nunca lograremos recibir o apoio que nos gustaría para protexer ao medio ambiente e aos animais, o cal, en definitiva, beneficia a todas as vidas. Por este motivo non debemos derrubarnos ao ver que, o mero feito de loitar por asegurarlle un bo estado de saúde ao planeta Terra que sustenta a vida, sexa visto polos poderes gobernamentais como actos terroristas. Pero, lembre, o que nos separa a nós dos nosos inimigos é a nosa reverencia á vida. Toda a vida. Incluso as vidas dos nosos inimigos. Destruír as máquinas de destrución antes que a aqueles que as manexan debe permanecer como obxectivo principal. Iso e rescatar ás vítimas da destrución, para garantirlles seguridade e refuxio. Se facemos isto, o noso poder da terra nunca nos abandonará, e o espírito do amor e a compaixón regresarán á face da terra.

Debemos lembrar que a batalla en beneficio da Nai Terra e os seus animais está relacionada co amor. Xa hai bastante odio no mundo xerado pola nosa oposición. O feito de perpetuar máis violencia para defender a nosa causa só reduce o nivel cruel dos nosos inimigos. Sei que é duro cando as cousas que vemos poden ser tan crueis e insensibles, pero cando nos motivamos coas escuras forzas do odio damos un paso para converternos só noutra facción política que xustifica a violencia para conseguir os seus obxectivos. Como dixó nunha ocasión o revolucionario Ché Guevara: "Permitíndeme dicir, co risco de que soe ridículo, que o verdadeiro revolucionario está motivado por un inmenso sentimento de amor".

Algunha xente nos movementos ecoloxistas e pola liberación animal cren que para conseguir os nosos obxectivos debemos presentar as nosas ideas de tal maneira que apelen

a unha sociedade maioritaria, de forma que co apoio público poidamos conseguir cambios e influír sobre os nosos representantes políticos para que non se nos vexa como unha ameaza, senón como os precursores dunha nova era. Esta xente dirá que incendiar laboratorios é contraproducente para a súa imaxe, igual que destruír cintas con investigacións animais, e todo aquilo que a ALF e outros grupos radicais de acción directa fan. Desta maneira están a poñer en perigo todo o que se conseguiu polo medio ambiente e polos animais a través de medios lexítimos. Dícímolo, convencidos.

Por que aceptar gaiolas máis grandes e máis limpas para animais de laboratorio ou a conservación do lobo, o oso pardo ou o cóndor con "poblacións experimentais non necesarias"?_Nós pedimos simplemente a abolición total da vivisección e a completa protección de ata o derradeiro animal da natureza no seu hábitat. Sí, é radical queimar un laboratorio, pero a ALF responde a situacións extremas. Non intensificamos a guerra contra a natureza, iso fáino o inimigo, e nós estamos aquí para impedi-lo. O que sí é extremo é o que as forzas gobernamentais fixeron neste continente sobre as nacións pacíficas daqueles que chaman animais, e nas que a humanidade viviu en harmonía durante miles de anos, antes da Conquista Europea.

13. CARTA DE ROD CORONADO

O 3 de marzo de 1995 fun acusado de incitar e participar nun incendio na Michigan State University, que destruíu 32 anos de investigación adicada a beneficiar á industria das graxas de peles. A Animal Liberation Front reivindicou o ataque, os sete ataques nunha serie de accións titulada "Operación Bite Back", que se centrou nas graxas de peles e nas universidades comprometidas cos contribuíntes que, conxuntamente, apoiaban a experimentación promovida polo negocio das peles. Tamén fun xulgado por un cargo de roubo dunha propiedade do Goberno dos EUA, un xornal pertencente ao Oficial da 7ª Cabalería, asasinado en Little Bighorn, perto de Crow Agency, Montana, en 1876. Esta negociada petición de acordo foi o resultado de sete anos de investigación do FBI sobre as miñas actividades, e o Goberno Federal continuou centrándose en activistas indíxenas que afirmaban a súa soberanía e continuaban coa súa loita pola supervivencia cultural. Isto tamén foi a culminación de nove Grandes Xurados Federais que duraran arredor de tres anos, citaron a perto de sesenta activistas políticos, encarceraron a catro deles durante seis

meses, e acosaron e intimidaron a incontables persoas na caza de membros da Frente de Liberación Animal. A cambio das alegacións de culpabilidade, o Goberno dos EUA prometeu non buscar máis acusacións contra min nos restantes distritos que investigaban a ALF, ademais de non citarme para testificar contra outros sospeitosos de realizar actividades da ALF. O prezo que paguei por non testificar en contra dos meus compatriotas foi unha sentenza de entre tres e catro anos de prisión. Antes da petición de acordo, eu fun o único acusado en sete cargos que alegaban que era o responsable dun esforzo coordinado por toda a nación para acabar co desenvolvemento e a experimentación das granxas de peles. Comprometido para sempre na protección da terra que hai detrás e diante de min, debo elixir coidadosamente as batallas nas que loito, e as áreas nas que combater. Do mesmo xeito que a maioría de xente indíxena, son incapaz de unirme aos recursos ilimitados que ten o Goberno dos EUA nos seus esforzos para encarcerarme, e tampouco son capaz de defenderme a min mesmo axeitadamente cunhas leis que criminalizan a preservación da nosa sacra nai terra.

Isto é só o último intento do Goberno dos EUA de demostrar que lles ocorre a aqueles que non se limitan á protesta legal. Nun tempo no que a destrución ecolóxica e cultural é algo común e entra dentro da legalidade, ás veces faise necesario adherirse ás leis máis elevadas da natureza e da moralidade en lugar de permanecer calados e presenciar a destrución da nosa terra e a nosa xente. Creo que esta é a obriga do guerreiro da terra para non avergoñarse nunca das accións propias de cada un, para honrar á sacra tradición da resistencia indíxena. Por iso, acepto toda a responsabilidade das miñas accións e síntome agradecido de ter a honra de servir como un membro da ALF, como o seu voceiro e o seu partidario.

Cun récord de arredor de 300 rescates e accións pola liberación animal nos EUA, sen danos ou perdas de vidas, e miles de vidas apartadas dos horrores da vivisección e das granxas de peles, están comigo as mulleres e os homes da ALF, algúns dos guerreiros non violentos máis respectados na loita por salvar o noso planeta. O meu papel no ataque á MSU foi de non participante, foi de actuar como un conducto para a verdade agochada detrás da fechadura das portas do laboratorio.

Mentres, en Ann Arbor, Michigan, cando agardaba instrucións recibín unha chamada dun membro da ALF anónimo que detallaba o ataque para facer un comunicado de prensa. Máis tarde, recibín material de investigación e evidencias incautadas durante o ataque. Estes documentos mostrarían a contribuíntes que subvencionaban a investigación e beneficiaban á industria das graxas de peles, e experimentos nos que visóns e lontras eran alimentados á forza con toxinas e outros contaminantes ata que tivesen convulsións e morresen desangrados.

Xunto con estes documentos había unha cinta de vídeo das estreitas e insalubres condicións que soportaban os visóns e as lontras nos laboratorios de investigación da MSU. O meu desexo de facer pública esta información era moito maior que o meu desexo de protexerme a min mesmo das rabiosas investigacións do FBI e do ATF. Dezasete meses despois, fun acusado polo Gran Xurado de Michigan, baseado nesta proba.

A principios de febreiro de 1992, estaba no río Little Bighorn, en Montana. Veume á cabeza a infame batalla, conmocionoume o único monumento que eu coñezo sobre este feito que glorifica aos que perderon. Para maior desgraza dos guerreiros que perderon a súa vida por defender a súa familia e a súa terra, o monumento mostra unha cara da conquista das Grandes Chairas das xentes indíxenas polo exército dos EUA. A verdade conta que George Armstrong Custer e a súa Sétima Cabalería eran unha forza de ocupación ilegal que traspasaba e violaba claramente o Tratado de Fort Laramie de 1868 para atacar os pacíficos campamentos non combatentes no corazón da Nación Lakota. O roubo do xornal de Cavalryman é un recordatorio do descontento indíxena respecto ao trato da herdanza e da cultura indíxena por parte do Goberno dos EUA.

Durante os últimos once anos situeime entre o cazador e a presa, o viviseccionador e a vítima, os animais de pel e o peleiteiro, o baleeiro e a balea. Esta é a miña xente, e o meu lugar. É a eles aos que eu debo a miña vida. Decidín continuar a época de tradición honrada de resistencia ás forzas invasoras que están devastando as nosas casas e á nosa xente. Moitas persoas foron torturadas, asasinadas e encarceradas neste camiño de guerreiros, aínda debemos continuar e permanecer fortes contra a tiranía que azoutou a este continente durante os últimos 503 anos. Como guerreiros debemos aceptar que a prisión agarda a aqueles que están dispostos a comprometerse coa terra e coa súa xente, cando eliximos

permanecer fieis aos compañeiros guerreiros cuxa identidade permanece anónima. Todos somos o Subcomandante Marcos, Crazy Horse e a ALF. Xamáis debemos esquecer que para conseguir a paz e a liberación pola que nos esforzamos, debe haber sacrificio. Desgraciadamente, a historia cóntanos que case sempre somos nós os que debemos sacrificarnos. Esta non será a primeira vez que un indíxena vaia a prisión por manter a súa obriga de protexer a nosa cultura, a nosa terra e á nosa xente, e sobre todo, definitivamente, non será a última vez. Digo adeus de todo corazón á miña terra nai por un tempo para entrar nas prisións de aceiro e formigón que o Goberno dos EUA reserva para os seus cidadáns descontentos. Eses son os premios que agardan a aqueles que dan as súas vidas e a súa liberdade para evitar a destrución do máis precioso planeta no universo, o noso sistema de apoio de vida, nosa querida terra nai.

Para aqueles que loitastes ao meu carón, sempre seredes os meus amigos e a miña familia, e por iso deixarei aquilo que máis amo, a miña liberdade. Afrontarei a prisión antes que dicir unha soa palabra en contra daqueles que se atopan nas liñas de fronte da batalla por protexer a terra. A nosa amizade é sacra, e rezo por vosa propia liberdade, para que poidades estender o voso amor a través da acción que continúa rescatando a todo aquilo que permanece salvaxe. Non vos rendades nunca!

Aínda que poida que non volvamos vernos de novo nas trincheiras da loita pola liberación animal e da terra mediante a acción directa ilegal, sempre vos terei o máis perto do meu corazón. Amigos meus, sede pacientes. Non esquecín a aqueles que aínda están detrás das reixas, a aqueles nas trampas e nos puntos de mira do orgullo e a ignorancia do home. É o momento de entregar o meu papel de "heroe" dos movementos ecoloxistas e pola liberación animal a outros cuxos rostros aínda non son coñecidos. Douche a ti a responsabilidade de coidar e protexer o que queda das nacións destruídas dos outros aos que chamamos animais. Nas vosas mans está o futuro de séculos de vella loita, debes atopar heroes en vós mesmos. Agora debes afrontar riscos, en lugar de aplaudir a aqueles que comezaron antes que vós. Cun corazón forte, o espírito da terra, que é nosa mellor forza, nunca vos abandonará. Levade ben o seu espírito, e asperxervos coa súa beleza cando precisedes forza verdadeira. Eu fun devolto a casa pola miña xente, a Nación Yaqui, e é por eles polo que agora volto para satisfacer aos espíritos inquietos das miñas avoas, a cuxos prantos debo responder.

Ás veces, cando somos guerreiros, fózannos a facer cousas que non nos gusta facer. Nesta terra na que eu vivo agora, onde foron enterrados os meus antepasados, o Gran guerreiro Jerónimo atopou ás veces necesario entregarse ao Inimigo para recrutar a mozos guerreiros para futuras batallas. Somos xente paciente. Nunca esquezades a beleza, a maxia, o amor e a vida pola que todos loitamos tan duro para protexela, e pola que outros deron tanto para defender. O noso medo e a nosa tristeza é moi real, pero así é a nosa felicidade e a nosa ledicia cando presenciamos a chegada da primavera. Sempre estarei ao voso carón, e sempre atoparedes acubillo na miña casa. Quérovos a todos, e en vós deposito as esperanzas para facer renacer e reavivar as nosas relacións sacras con todos os animais, a xente e a creación.

Para sempre na vosa honra e ao Servizo da Terra...

Rod Coronado

14. HISTORIA DA NACION DOS COIOTES

Ei, és ti?, sentado na colina mirándonos esta noite? Viñeches para sacarnos de aquí? Estivemos agardando. Chorando todas as noites.

Tentando dicirche que agardabamos que viñeses.

Oíches... o que están facendo aquí con nós? Escoita, 140 coiotes chorando de dor. Cada un coa súa propia historia de separación, sufrimento, tortura e morte.

Escoita, están tentando dicirche o suficiente como para romperche o corazón . Todo é verdade.

Irmán . Tes que sacarnos de aquí.

Guerreiro, escoita no caso de que esteas pensando en actuar. Aquí privánnos do alimento, despois aliméntannos con ovellas, ovellas con veneno radioactivo.

E observan cómo morremos. Introducen a nosa dor nun computador para estudalo.

Irmá guerreira, escoita no caso de que aínda non esteas decidida.

Aparéánnos para ter cachorros, despois rúbannolos, mutilánnos, envelénnos, nunca máis voltamos a velos. Soamente a veces os escoitamos, soamente son nenos. Eles

ábrennos, collen os nosos úteros, envelénannos, vennos morrer. E cando xa remataron con nós, verten os nosos corpos en tumbas tóxicas masivas.

Muller-lóstrego, irmá miña, sácanos. Home trono, irmán, víngate de nós.

Somos Coiotes, e a nosa menciña é forte, incluso agora.

Ti e eu, somos iguais. Ti Guerreiro Coiote, nós Coiotes. Sanadores de espírito. Este é o noso camiño, sempre salvaxe, nunca morre.

A mañá chegou e ti vaste, os nosos corazóns están tristes, e chorámoste. Pero escoitamos a túa promesa de que voltarás.

Ei, eres ti de novo! Voltaches!

Esta vez estás alto, orgulloso, co corazón valente, directo cando vas polo camiño.

Non ves mirar. Ves actuar!

Vémoste aí, cortando o valo coas ferramentas.

Cando te achegas, nós cantamos, coiotes con dor, coiotes excitados.

Estamos enfermos, e a nosa tribo está destrozada, pero esta noite algo será libre. Nós ouveamos. Un corazón xunto a ti,

para dar forza á nosa debilidade, amor aos que quedaron atrás, corazóns rotos, chorando de pena.

Corre Coiote. Directo ás colinas. Corre e sé libre. Sé un Coiote de novo. Non mires atrás.

Escoitamos ao teu guerreiro chorar, ti eres forte, e usas ben a nosa menciña.

Ti tomas o noso corazón, nós tomamos o teu.

Aínda hai algúns que son os nosos irmáns, irmás, soldados estrela. Quizais nós o faremos... polo menos algo.

Guerreiros Coiotes, onde estades esta noite?

Hoxe vimos o laboratorio queimado. Aquel que agocha as nosas torturas.

Vimos as chamas cando o sol se puña, danzamos e cantamos como Coiotes de novo.

Agora debemos correr, e ti tamén . Pero para sempre, os nosos corazóns deben ser un só.

Ei, Guerreiros Coiote! Onde estades? Estivemos buscándovos.

Necesitámosvos. Agradámosvos nos desertos, nas montañas, nas chairas, no noso fogar.

Vós, Guerreiros Coiote, tamén pertencedes aquí.

Nacidos para os humanos, aínda vivindo entre eles, nas súas tolas cidades.

Agora é o momento de que marchedes. Vinde a casa. Hai moito que facer. Moitos dos nosos salvaxes están en prisión, Lembrades?

Sendo torturados, asasinados e destruídos. Nunca esquecemos.

Vosa é a loita, esta loita do can soldado. Conservade os nosos espíritos salvaxes vivos!

Aro salvaxe forte, nunca rompeu.

E a túa casa está aquí entre nós, as túas irmás e irmáns salvaxes.

Temos moito que ensinarche, lembrarche noso poder. Vinde a casa, Guerreiros Coiote. É a hora de refacer a arañeira, a tribo para cada un, todo para a Terra Nai.

Fai a túa fogueira, e alí cantaremos para ti. Lembra os días de hai moito tempo, cando todos eramos un. A menciña Coiote é a túa forza.

Os espíritos da terra son fortes, e están listos para axudarche.. se ti escoitas.

Sociedades Guerreiras, agora é o momento. Atopa a cada un. Volve a casa. Só deberías estar entre o inimigo para atacar.

Todos vós, Guerreiros, conservadores do soño, non deixedes a eles que vos teñan.

Non vos desanimedes.

Que che fai pensar que non tes que agocharte? Debemos facelo.

Temos menciña de Coiote para axudarche a permanecer libre. Lembra como é vivir.

Salvaxes. Orgullosos. Xuntos. Libres.

Preparádevos, guerreiros da terra. O estafador achégase...